

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, de UxC, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2015, ás dúas sesións extraordinarias do día 23 de novembro de 2015, á sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2015 e á sesión extraordinaria do día 14 de decembro de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2015, ás dúas sesións extraordinarias do día 23 de novembro de 2015, á sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2015 e á sesión extraordinaria do día 14 de decembro de 2015.

Non se formulan alegacións polo que o Pleno municipal, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, aproba os citados borradores, cos seguintes votos:

- sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2015: dezaioito votos a prol [os cinco concelleiros presentes do PP; os catro concelleiros presentes de UxC; catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez); os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; e a concelleira do GM (C's)].

- as dúas sesións extraordinarias do día 23 de novembro de 2015: dezaseis votos a prol [os cinco concelleiros presentes do PP; tres concelleiros de UxC (don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández); tres concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas e dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González); os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; e a concelleira do GM (C's)].

- a sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2015: dezasete votos a prol [os cinco concelleiros presentes do PP; tres concelleiros de UxC (don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández); catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez); os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; e a concelleira do GM (C's)].

- a sesión extraordinaria do día 14 de decembro de 2015: dezanove votos a prol [os cinco concelleiros presentes do PP; os catro concelleiros presentes de UxC; os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; e a concelleira do GM (C's)].

## 2. PARTE RESOLUTIVA

### **2.1. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 1/2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de xaneiro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 40.595,75 euros.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (Artigo 60.2 Real decreto 500/90: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, e atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente número 1/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 40.595,75 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/ DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2015/3481	27/07/2015	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	1.437,48
F/2015/4310	23/09/2015	B15743933	A.J. BARRAL PUBLICIDAD S.L.	513,65
F/2015/4873	11/11/2015	B15118532	COPI FAX, S.L.	314,89
F/2015/4969	18/11/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	282,63
F/2015/5164	03/12/2015	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	431,03
F/2015/5182	03/12/2015	A15343692	GADISVEN, S.A.	12,10
F/2015/5184	03/12/2015	A15343692	GADISVEN, S.A.	12,10
F/2015/5185	03/12/2015	A15343692	GADISVEN, S.A.	15,14
F/2015/5186	03/12/2015	A15343692	GADISVEN, S.A.	12,10
F/2015/5208	04/12/2015	B15306681	GRUMAR TRADING, S.L.	453,75
F/2015/5261	05/12/2015	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	1.468,48
F/2015/5263	07/12/2015	B15486467	LOSAMOVIL S.L.	209,26



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2015/5264	07/12/2015	B15051725	MUSICAL 47, S.L.	500,00
F/2015/5271	09/12/2015	A80500200	GRANDES ALMACENES FNAC ESPAÑA S.A.	647,41
F/2015/5275	19/11/2015	32795957G	RAMOS PARDO JOSE MANUEL	326,70
F/2015/5293	10/12/2015	B15978356	GALICOM COMUNICACIONES, S.L.	12,10
F/2015/5294	11/12/2015	A28743847	E.O.PRIM, S.A.	814,00
F/2015/5310	27/11/2015	H15962459	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS CUESTA DE LA TAPIA 35-37	1.892,44
F/2015/5311	27/11/2015	H15559230	COMUNIDAD PROPIETARIOS RIO BARCES 2-4, RIO MERO 6	1.534,15
F/2015/5312	27/10/2015	H15457088	COMUNIDAD PROPIETARIOS GARAJES PLAZA EUROPA, S/N EDIFICIO ATRIUM	360,00
F/2015/5313	27/10/2015	H70028535	MACROCOMUNIDAD DE PROPIETARIOS CL ATRIUM PORTALES 1- 2-3-4-5-6-7-8	2.029,40
F/2015/5315	11/12/2015	B70089370	CAMBRE OCIO, S.L.	225,00
F/2015/5316	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	106,65
F/2015/5317	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	93,50
F/2015/5319	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	110,00
F/2015/5320	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	6,21
F/2015/5321	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	317,85
F/2015/5322	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	6,15
F/2015/5324	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	22,35
F/2015/5325	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	175,29
F/2015/5326	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	54,00
F/2015/5327	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	1,36
F/2015/5331	14/12/2015	B70089370	CAMBRE OCIO, S.L.	600,00
F/2015/5336	14/12/2015	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUNESAS, S.L.	198,29
F/2015/5341	15/12/2015	B70238761	RECURSOS E PROXECTOS GALICIA, S.L.	1.624,17
F/2015/5355	16/12/2015	B15986029	LUFISA SERVICIOS, S.L.	253,80
F/2015/5356	16/12/2015	B15986029	LUFISA SERVICIOS, S.L.	2.631,27
F/2015/5357	16/12/2015	B15986029	LUFISA SERVICIOS, S.L.	1.132,65
F/2015/5366	16/12/2015	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	181,50
F/2015/5377	17/12/2015	B99099095	ARGAEX PIRAMIDE 2006, S.L.	290,40
F/2015/5397	17/12/2015	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	212,57
F/2015/5401	18/12/2015	A08136806	CIRCULO DE LECTORES, S.A.	158,55
F/2015/5422	21/12/2015	B70297460	TECNICAS ELECTRICAS ACEBRE, S.L.	356,35
F/2015/5424	21/12/2015	A15943863	TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.	184,32
F/2015/5429	25/09/2015	32326683E	VAZQUEZ LOPEZ MANUEL	251,94
F/2015/5432	23/09/2015	47385347B	BARCIA LOPEZ YAGO	66,69
F/2015/5461	23/12/2015	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	708,13
F/2015/5476	15/12/2015	J15702640	EXTINTORES SEGMA, S.C.	18,15
F/2015/5477	15/12/2015	J15702640	EXTINTORES SEGMA, S.C.	48,40
F/2015/5485	23/12/2015	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUNESAS, S.L.	506,00
F/2015/5490	16/12/2015	32754007Y	ALVAREZ VIDAL MARIA DE ARACELI	847,05
F/2015/5492	16/12/2015	32751414N	RUSO DE LAGO MARIA BELEN	141,17
F/2015/5511	16/12/2015	32751414N	RUSO DE LAGO MARIA BELEN	294,12
F/2015/5512	16/12/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	53,58
F/2015/5516	16/12/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	53,99
F/2015/5517	23/12/2015	B70089370	CAMBRE OCIO, S.L.	250,47
F/2015/5526	16/12/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	13,75
F/2015/5530	16/12/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	4,23
F/2015/5531	16/12/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	114,55
F/2015/5533	16/12/2015	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	55,93
F/2015/5535	17/12/2015	J15702640	EXTINTORES SEGMA, S.C.	54,45
F/2015/5547	21/12/2015	J15165715	MANUEL ALDAO QUINDIMIL Y OTRO, S.C.	47,55
F/2015/5549	21/12/2015	76358658S	SEOANE CHAS FERNANDO	45,00
F/2015/5568	23/12/2015	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	27,77
F/2015/5574	24/12/2015	A58574526	PARQUES Y JARDINES FABREGAS, S.A.U.	113,74
F/2015/5615	29/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	14,00
F/2015/5617	29/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	352,96
F/2015/5621	29/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	21,34
F/2015/5625	29/12/2015	B15527864	IMPRESA A Y R, S.L.	665,50

F/2015/5671	30/12/2015	B08511032	TRAMA DE GASLLAR S.L.	1.185,80
F/2015/5673	30/12/2015	B70158795	CARPAS FACAL, S.L.	4.386,25
F/2015/5686	23/12/2015	53161264F	SANCHEZ GARCIA SILVANA	28,00
F/2015/5687	23/12/2015	53161264F	SANCHEZ GARCIA SILVANA	7,00
F/2015/5688	23/12/2015	53161264F	SANCHEZ GARCIA SILVANA	60,00
F/2015/5689	23/12/2015	53161264F	SANCHEZ GARCIA SILVANA	28,00
F/2015/5690	23/12/2015	53161264F	SANCHEZ GARCIA SILVANA	48,51
F/2015/5692	23/12/2015	32410250F	GARCIA MARIÑAS VICTOR MIGUEL	35,00
F/2015/5694	28/12/2015	14863228F	SANCHEZ QUINTELA ANTONIO	94,05
F/2015/5695	28/12/2015	32804189W	VILLAR GONZALEZ BEATRIZ	16,85
F/2015/5696	28/12/2015	J70196100	BARBEITO Y LOPEZ S.C.	635,25
F/2015/5697	28/12/2015	J70196100	BARBEITO Y LOPEZ S.C.	1.366,82
F/2015/5698	28/12/2015	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN (CASA CELIA)	177,55
F/2015/5700	28/12/2015	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN (CASA CELIA)	120,00
F/2015/5701	29/12/2015	32801769C	PEREIRO TAIBO ESTEFANIA	888,47
F/2015/5702	29/12/2015	76559203T	PERNAS HERMIDA MATILDE	1.351,57
F/2015/5703	29/12/2015	76809901K	ESTEVEZ RODRIGUEZ MARIA LUISA	450,80
F/2015/5705	30/12/2015	47384985V	MARTINEZ COUTO CAROLINA MARGARITA	31,23
F/2015/5706	30/12/2015	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN (CASA CELIA)	715,00
F/2015/5707	30/12/2015	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN (CASA CELIA)	385,00
F/2015/5709	30/12/2015	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN (CASA CELIA)	577,50
F/2015/5710	17/12/2015	32826525M	SUAREZ MIGUEZ FRANCISCO JAVIER	307,75
F/2015/5711	17/12/2015	46908015K	MARTINEZ GESTAL ISABEL	707,85
				<b>40.595,75</b>
				<b>EUROS</b>

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 20 de xaneiro de 2016, por cinco votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC, aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE e á concelleira de C's, integrante do GM; e coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON e o concelleiro do BNG.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que o que se presenta hoxe ao pleno para aprobalas, son unha serie de facturas que basicamente foron presentadas fóra de prazo.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta, en primeiro lugar, que lle desexa ao señor alcalde unha boa recuperación e que estea canto antes exercendo a súa función. En segundo lugar, di que lle sorprende que aquilo tan criticado e cre que o repitiu en varios plenos, criticado polo partido que hoxe preside o goberno, seguen a facelo. Como se ve, non era culpa do goberno do Partido Popular, senón que ás veces hai imponderables que supoñen que se presenten esas facturas a pleno para poder pagalas. De todas as maneiras, o voto do seu grupo, como manifestou xa nas comisións, vai ser favorable, porque cre que os provedores do concello teñen que cobrar.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo vai a ser favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo vai votar tamén a favor visto o informe de Intervención que sinala que son facturas que non se presentaron no exercicio no que se presta o servizo ou algunha delas porque se teñen que comprobar ou conformar, atrasando a súa validación para o pagamento. Neste sentido, o seu grupo non pode senón apoiar esta proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo se vai abster. Primeiramente, di que lle desexa e se suma a esa petición de pronta recuperación para o señor alcalde e tamén aproveita, polas noticias recentes que ten, para saudar a que presume próxima incorporación á

Deputación provincial do señor Rivas. Sempre entenderán dende o BNG que é positivo que o noso concello teña representación no conxunto de institucións que teñen a ver con Cambre e presume, ademais, que vai poder facer unha defensa do noso concello nesa institución, dende logo mellor ca que fixo nos catro anos pasados.

Continúa a dicir que respecto deste punto e anunciada xa a abstención do seu grupo, quere facer unha mención a determinados gastos. A súa abstención está destinada a favorecer que o tema saia adiante, pero si lle gustaría que, na medida do posible, e non vai citar ningún, pero ve que hai provedores por así dicilo de proximidade, xente de Cambre, gastos na maioría dos casos pequenos, que non teñen unha grande substancia, que non están obrigados a procedementos administrativos de maior rango, pero tamén ve determinados gastos en grandes empresas, vinculadas algunhas ao mundo da cultura, que non se distinguen precisamente por favorecer ningún emprego de calidade, ningunha proximidade, nin absolutamente teñen nada que ver nin que deixar de ganancia en Cambre. Conclúe dicindo que si lle gustaría que, pouco a pouco, esas empresas foran desaparecendo do listado de provedores do concello.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o voto do seu grupo vai a ser prol, tal e como se pronunciou nas comisións, porque di que hai que cumprir cos pagamentos, pero quere volver a repetir que é necesario axilizar estas xestións. Se a maior parte destas facturas non se remitiron a Intervención ata este mes de xaneiro de 2016 por motivos internos, algo non funciona ben e hai que buscar unha solución, ao igual que hai que lembrar aos provedores o deber de presentar as facturas a tempo. É unha responsabilidade conxunta.

Ademais disto, coñece casos de provedores que faloron con ela que presentaron facturas e aínda non cobraron, e está a falar de decembro de 2014 e, ao parecer, non hai ningún problema coas citadas facturas. En vindeiras comisións preguntará, comunicará os datos desas facturas, desas empresas, porque non entende como uns poden cobrar antes que outros e por que unhas se atrasan tantísimo, está a falar dun ano e un mes, mentres que noutras se axiliza o pagamento antes. Remata dicindo que o voto do seu grupo vai ser a prol.

O Sr. presidente manifesta que respecto desas facturas de 2014, por suposto agradece a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo que lle comunique a súa existencia. Vai velas, porque a verdade é que, se é tal e como se di, é unha irregularidade, e vaise buscar e ver; é máis, pediríalle a Ciudadanos que non espere á próxima comisión informativa, que llo faga chegar antes, como outras cuestións que lle fixeron chegar, e o estudarán, por suposto, non hai dúbida.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG.

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.7. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Este punto non foi utilizado.

## **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. Declaracións institucionais**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional relativa á problemática sanitaria en Cambre. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes



do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da declaración presentada.

### **Declaración institucional respecto da problemática sanitaria en Cambre**

A secretaria da Corporación dá lectura ao texto da declaración institucional, tal e como foi ditaminado favorablemente por unanimidade dos nove concelleiros que integran a Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude o día 20 de xaneiro de 2016.

Consta do seguinte teor literal:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Resultaba evidente e tamén preocupante a problemática sanitaria no termo municipal de Cambre debido a escaseza de medios humanos e materiais para facer fronte ao elevado número de pacientes, o que motivou a construción dun novo centro de saúde no Temple. En concreto, o actual centro de saúde do Temple carece de Pediatra na quenda de tarde, Fisioterapia, Matrona ou equipamento de Radioloxía básico, propio xa de calquera ambulatorio que teña que facer fronte a unha poboación como a do Temple, con 9.200 veciños. Na actualidade a cota máxima establecida polo Sergas é de 1.500 pacientes por facultativo (de 850 nenos por pediatra) e no Temple existen 1.500 menores de 15 anos susceptibles de recibir asistencia pediátrica.

Por todos é coñecido que para paliar esta eiva o Concello de Cambre cedeu en 2010 unha parcela na mesma parroquia á Xunta de Galicia coa intención de que puxese en marcha un novo centro de saúde, de maior espazo e maiores prestacións. En marzo 2015 anunciouse o inicio das obras do novo ambulatorio e na actualidade o centro está en fase de construción, que previsiblemente finalizará na primavera.

Segundo fontes próximas ao Sergas, no futuro centro de saúde está previsto que traballe so 1 médico de familia a maiores dos catro que xa traballan na actualidade; dous de mañá e dous de tarde; unha pediatra de mañá; tres enfermeiras (unha delas de Pediatría); dúas enfermeiras de tarde e dúas administrativas de mañá e dúas de tarde. así mesmo incorporárase 1 matrona a días alternos compartida co centro de saúde de Carral e non hai previsións de incorporar a ningún fisioterapeuta, nin a ningún pediatra en horario de tarde.

En principio, o novo centro de saúde albergará consultas de curta espera, administración, fisioterapia, pediatría, adultos e muller, con todo, a habilitación deses espazos debe ser acompañada do aumento do persoal sanitario para que a mellora dos diferentes servizos sexa efectiva. **Semella que isto non vai a acontecer segundo as informacións das que tivemos coñecemento.**

Dende a Corporación Municipal de Cambre consideramos que este aumento previsto de persoal é de xeito evidente insuficiente para dar a cobertura sanitaria adecuada á poboación do Temple, pois o único que persegue é prolongar as eivas xa existentes.

Así mesmo, o Concello de Cambre recibiu unha solicitude da Asociación de Veciños do Temple, asinada por preto de 700 firmas, na que esixen a incorporación inmediata dun pediatra na quenda de tarde co obxectivo de que as nais e pais non teñan que desprazarse cara outros centros sanitarios. Un problema engadido se temos en conta as obrigas laborais dos proxenitores, que na maioría dos casos non poden levar ás súas crianzas ao ambulatorio en horario matinal.

Por outra banda, é necesario que un centro destas características conte con servizos básicos como o de radioloxía e fisioterapia. Lembremos que dende a Consellería de Sanidade son habituais os chamamentos á cidadanía para que empregue de forma responsable os servizos de saúde públicos instándoa a desprazarse primeiro aos centros de saúde para non saturar os servizos de Urxencias dos hospitais. Precisamente, un dos problemas radica en que os ambulatorios non están dotados dos devanditos servizos e os pacientes non teñen máis remedio que desprazarse ata o complexos hospitalarios, o que produce un contrasenso coas indicacións que proveñen dos responsables autonómicos.

Por outra banda, o PAC de Cambre, que atinxe a poboación de Cambre e Carral, cunha enorme dispersión xeográfica, ten un volume asistencial moi elevado e comprobouse unha escaseza de persoal. Por todo isto, este centro de saúde precisa o aumento de persoal polo menos nunha enfermeira e un facultativo, evitando longas esperas, que teñen lugar cando estes profesionais se ausentan por causa de accidentes ou as pertinentes visitas domiciliarias para unha mais pronta e correcta asistencia sanitaria.

A solución, se cadra, demanda un incremento de facultativos, pediatras, enfermeiros e un fisioterapeuta para cubrir estas necesidades.

Tendo en conta todo o anterior, e considerando a futura posta en marcha do centro de saúde do Temple, a Corporación Municipal de Cambre propón os seguintes acordos:

- 1.- Instar á Consellería de Sanidade a dotar segundo as necesidades asistenciais de medios humanos e materiais como corresponde a unha poboación de 9.200 posibles doentes para que sexa operativo na vindeira primavera.
- 2.- Instar á Consellería de Sanidade a ampliar o servizo de pediatría en quenda de tarde para mellorar o servizo tal e coma reclaman os veciños.
- 3.- Trasladar as sinaturas dos veciños do Temple, recollidas pola Asociación de Veciños da mesma parroquia ao Sergas, para que sexa consciente desta eiva e poña xa a funcionar o servizo de pediatría en quenda de tarde.
- 4.- Instar á Consellería de Sanidade a adecuación dun espazo físico que poida acoller unha unidade de radioloxía básica no centro de saúde de Cambre de xeito que poda dar servizo a atención primaria e ao PAC, e Fisioterapia no Temple.
- 5.- Instar á Consellería de Sanidade a aumentar o persoal do PAC do centro de saúde de Cambre, polo menos nunha enfermeira e un facultativo, evitando deste xeito as longas esperas, que se producen pola marcha dos profesionais cara a urxencias fóra do ambulatorio ou visitas domiciliarias."

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

### **3.2. Mocións dos grupos municipais**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **Moción do grupo municipal de ACdC-SON para declarar o Concello de Cambre unha vila libre de circos con animais**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/571, o día 22 de xaneiro de 2016, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

"A cuestión do respecto cara os animais levou á cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista dos espectadores, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida son antinaturais e para obrigarlles a comportarse deste xeito contrario á súa natureza sométense a violentos métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permanecer o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades otolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce aos animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos "estereotipados", como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e ata automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos en base á súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan aos animais como reclamo do público infantil. Cremos que os pequenos e pequenas deste país, a sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara os seres vivos e o contorno.

E por iso que propomos:

Primeiro: Que o Concello de Cambre non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.

Segundo: Declarar o Concello de Cambre Vila libre de circos con animais.

Terceiro: Que o Concello de Cambre non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.

Cuarto: Notificar este acordo á Xunta de Galicia, aos grupos do Parlamento de Galicia e á Asociación Animalista Libera."

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que están de acordo coa moción, e quere lembrar que precisamente foi o Partido Popular o que modificou o Código Penal polo tema do maltrato animal. Quere deixar constancia diso, porque cre que esa modificación é importante nesta moción que se presenta hoxe ao pleno municipal.

Engade que con estar de acordo coa moción, cre que non se ten a suficiente capacidade como para avaliar, polo menos polo que a el lle toca, se nos circos se maltratan ou non os animais, aínda que ben é certo que se lles priva de liberdade. Tamén é certo que unha das atraccións que precisamente máis lles gusta ao público infantil son os animais. Polo tanto, dado que xa fixeron os deberes co Código Penal, o que a faga que a pague. O voto do seu grupo vai a ser a abstención.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable, e felicita a Asemblea Cidadá de Cambre por presentar esta moción do grupo animalista Libera no Concello de Cambre.

Por outra parte, quere facer un engadido respecto do punto terceiro dos acordos que se propoñen na moción. Explica que hai uns días apareceu no termo municipal de Cambre unha publicidade dun espectáculo con





animais, non en Cambre, e quere dicir que o señor alcalde se puxo en contacto e ordenou retiralos e foron retirados no mesmo día.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo saúdan a moción que presentan os compañeiros de ACdC-SON. E simplemente por introducir un punto máis no debate, de maneira total e absolutamente colateral, di que en Cambre non hai circos, é unha constatación obxectiva, no tempo que leva vivindo en Cambre, nos últimos vinte e pico de anos, nunca houbo un circo en Cambre. Quere dicir isto como defensa do circo como espectáculo, como atracción cultural, e tamén como fonte de ingresos para o concello. O circo ten unha instalación que é a habitual, sobre todo, desde que practicamente se inhabilitou a que había na Coruña, que está no concello veciño.

Di que el, por casualidades da vida, coñece varias persoas en Cambre vinculadas ao mundo do circo, e cre que non estaría de máis que o día de mañá Cambre, dado que os diversos circos, os circos sen animais, os circos modernos, porque o mundo do circo sufriu unha transformación bastante acelerada nos últimos dez, quince anos, practicamente na entrada do novo século, co fin de habituarse a novos usos, a novos costumes, a novas esixencias da sociedade, non estaría de máis que Cambre puidera acoller o día de mañá, a medio ou longo prazo, eses espectáculos circenses, porque el foi neno e gustábanlle moito, e supón que a moita xente adulta tamén, cousa que ata o de agora non é nin verosímil.

Conclúe dicindo que o seu grupo votará favorablemente esta moción, non podendo estar máis de acordo con ela.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que, en contestación ás manifestacións feitas polos compañeiros do Partido Popular e do BNG, se parten da base de que os animais que están engaiolados teñen certa parte de sufrimento, non entende a abstención do Partido Popular, sobre todo se din que xa fixeron os deberes respecto da lexislación para prohibir e para castigar o maltrato animal. Esta moción é unha parte fundamental para cumprir co primeiro paso para situar os circos, que é onde se fan os maltratos animais, no seu camiño, que non é outro que o de ensinar a eses nenos aos que tanto lles gusta os espectáculos onde se fan malabares e onde se fan artes circenses. Os circos desprestíxianse porque hai animais que están sendo sometidos a unha serie de trucos e habilidades, as cales aprenderon polo vello sistema da violencia.

Está de acordo con que hai circos que teñen outra maneira de traballar, circos onde os animais non teñen un papel, onde unicamente as acrobacias e a animación son as que levan o tema, e ese é o tipo de circo que o seu grupo pretende que se instale no concello. O circo supón tamén un patrón educativo, se levas aos teus fillos, a nenos, a un espectáculo onde os animais están sendo maltratados, como lles vas dicir despois que non ensinen aos cans a facer cousas a base de golpes, como lles vas pedir respecto para cos animais se cando van aos espectáculos para divertirse non o están a ver. Remata a dicir que lle parecería unha cousa un pouco rara non aprobar a moción por unanimidade, tendo en conta estas premisas.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que é certo que a sociedade cada vez está máis concienciada de que é difícil garantir que nos circos se dea un trato apropiado aos animais. Por sorte, este tipo de actividades para que os rapaces coñezan máis de cerca aos animais está derivando cara a outras cousas en Galicia, actividades moi interesantes e moi importantes, como as granxas escolas, que cre que é unha idea moi boa, a parte xa dos clásicos.

Di que é certo que se a xente non vai aos circos que teñan animais, terminarán desaparecendo, pero a verdade é que si é penoso, e o grupo de ACdC-SON ten toda a razón. O seu grupo tivo coñecemento, incluso, de tigres drogados e de rapaces incluso chorando porque vían aos tigres mal.

Conclúe dicindo que o seu grupo está a prol da proposta e felicita ao grupo de ACdC-SON por ela.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP.

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

#### **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

##### **4.1. Informes do equipo de goberno**

De orde do Sr. presidente, a secretaria dá conta dos seguintes asuntos:

- Escrito procedente da Dirección Xeral da Garda Civil, Comandancia da Coruña, rexistrado de entrada co número 345 o día 18 de xaneiro do ano que andamos, no que, en relación cun aviso de roubo nunha vivenda de Cambre, comunican que o operativo despregado para o efecto da Garda Civil e a Policía Local de Cambre deu os froitos correspondentes coa localización de dúas persoas que fuxían cara ao monte. Participan ao señor alcalde que no desenvolvemento dos feitos prestaron unha activa e valiosa colaboración os axentes da Policía Local do concello don José Maria Fajardo e don Miguel Angel Martínez Sanmartín, os cales interviñeron na busca e detención dos presuntos autores e rógalle faga chegar a eses axentes a súa máis sincera felicitación pola encomiable dedicación e espírito de cooperación demostrados, virtudes que ao non dubidar, contribuíron ao éxito do servizo prestixiando así mesmo ao corpo ao que pertencen.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 84/2016, do 27 de xaneiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Maria Dolores Blanca García Fernández dende o día 8 ao 22 de febreiro de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 23 de xuño de 2015.

“Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

##### **4.2. Rogos**

###### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/603 o día 23 de xaneiro de 2016.

1º Conforme coa Lei de facendas locais, o orzamento municipal é a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevean liquidar durante o correspondente exercicio; é dicir, o orzamento municipal é o documento en que se cuantifica e programa o plan de goberno por parte do seu alcalde.

De aí que este deba ser o seu principal impulsor, facilitando o debate no seo do equipo de goberno na fase de elaboración e posteriormente polo pleno na fase de aprobación; permitindo desta forma seguir o grao de cumprimento da xestión económica do goberno e a súa correlativa avaliación pola cidadanía.

A pesar da importancia de contar antes do 1 de xaneiro de cada novo ano co documento contable que marcará o plan económico do municipio (para o cal debe ser presentado ao pleno para a súa aprobación, emenda ou

modificación antes do 15 de outubro); o actual equipo de goberno non ten presentado a día de hoxe o borrador de orzamentos deste exercicio 2016. Situación que se agrava aínda máis en Cambre se temos en conta que os orzamentos actualmente vixentes son os do exercicio 2014 prorrogados ata a aprobación, no seu caso, dos novos; cos trastornos e limitacións que iso leva consigo.

De aí que o Grupo Municipal Popular inste ao equipo de goberno a adoptar as medidas pertinentes para presentar ao pleno, á maior brevidade posible os orzamentos xerais da Corporación.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, contesta que o Goberno intentará presentar os orzamentos o máis axiña posible, xa que o que pasou no Goberno hai dous meses, e que todos coñecen, atrasou un pouco o documento. Por outra banda, estanse a avaliar as achegas que por diferentes grupos políticos se fixeron chegar ao grupo de goberno para introducir nos orzamentos. Unha vez feito isto, entregaráselles o documento e intentarase presentar ao Pleno no prazo máis breve posible.

Don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex, concelleiro do Partido Popular, manifesta que, polo que está a deducir das palabras da concelleira, non poñen data, con todos os trastornos que iso supón, de feito a prórroga orzamentaria evidentemente non é unha situación ideal para ningún concello, sobre todo, se teñen en conta que os orzamentos como di o rogo do seu grupo, son os do 2014. Todo iso provoca unha serie de problemas na vida diaria da corporación municipal, dificulta a realización de novas obras, os investimentos, as subvencións nominativas, que non poden ser prorrogadas, os convenios, as transferencias de capital, o tecido asociacional e as diferentes entidades que van ver tamén como non van poder cobrar as subvencións neste ano 2016, non saben cando van poder cobrar. Se xa foi atrasado o cobro por parte das asociacións das subvencións e das axudas do 2015, non saben cando van cobrar as do 2016 se non hai orzamento.

Todo isto é o que o seu grupo quere poñer sobre a mesa, sobre todo tendo en conta as dificultades que, como reconece a concelleira, ten o Goberno municipal dende que se rompeu o pacto de goberno. Evidentemente é moito máis difícil facer un documento orzamentario por cinco concelleiros. Dona Elisa Pestonit Barreiros está a contestar a esta pregunta, pero a día de hoxe eles non saben quen é o concelleiro de Economía, quen leva a materia de economía no Goberno municipal actualmente. Polo tanto, considera que é moi importante presentar canto antes o orzamento municipal para evitar prexuízos non soamente á Corporación senón tamén a todos os veciños de Cambre. Por iso, o seu grupo insta que, o máis axiña posible, se presente o orzamento municipal.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que xa o acaba de dicir o Sr. concelleiro no remate da súa intervención, e repite, o Goberno presentará os orzamentos á maior brevidade. Di que lle chama moito a atención que precisamente o grupo Popular sexa o que lles estea dicindo hoxe aquí a todos que causa trastornos presentar os orzamentos atrasados. Se non lembra mal, o primeiro ano de goberno do PP, ano 2012, aprobáronse no mes de xaneiro, presentáronno en xaneiro. No 2013, xa máis tarde. No 2014, en maio e no 2015, parécelle que foi en febreiro, se non lembra mal. Repite que se presentarán no prazo máis breve posible, están niso. Non di data, ten razón don Juan Abalo, pero será pronto.

O Sr. presidente manifesta que o compromiso do seu grupo é presentar os orzamentos a finais do mes de febreiro e entregalos ao resto dos grupos. Agora mesmo, como dixo a concelleira, están a avaliar as propostas que fixeron os distintos grupos políticos, e ás veces é un pouco difícil, porque por veces son ofertas xenéricas e é difícil avalialas. Di que o compromiso do seu grupo é presentar os orzamentos a finais do mes de febreiro e di que xa teñen data.

Don Juan Abalo Cástex manifesta, soamente como matiz, que cando se aprobaron os orzamentos, no primeiro exercicio que estivo gobernando o Partido Popular, foi no mes de xaneiro, pero non era a situación tan crítica como aquí, porque non estaban prorrogados, e dona Elisa Pestonit Barreiros non dixo data, don Juan González Leirós si, co cal vese a diverxencia que hai no equipo de goberno, incluso na elaboración dos orzamentos.

Don Juan González Leirós expón que lle vai contestar dúas cousas, para que xa quede claro. Quen leva a parte de Facenda é o señor alcalde, está nomeado. Dille que lea as Xuntas de Goberno e verá que iso está así concretado, non hai ningunha dúbida. En segundo lugar, non hai ningunha diverxencia. O seu grupo intentará e case que se compromete, aínda que un compromiso na administración pública é bastante complicado, porque todos saben o que é, o Grupo Popular tamén, que gobernou, a que a finais de febreiro, con toda seguridade, ou case con toda seguridade, teñen os orzamentos.

2º O servizo de rede de sumidoiros é un dos servizos considerados básicos e de competencia tipicamente municipal, tal e como se extrae da redacción dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Respecto da rede de sumidoiros da zona próxima ao cemiterio de Cambre, son varios os veciños que teñen amosado as súas queixas aos nosos concelleiros sobre a limpeza e defectos no desaugadoiro, probablemente provocados pola falta de limpeza; queixas que dende o Grupo Municipal Popular transmitimos ao equipo de goberno, do que se interesa que adopte as medidas necesarias para corrixir os problemas advertidos, atendendo desta forma ás queixas veciñais.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, explica que despois de falar cos técnicos municipais respecto deste rogo, non teñen coñecemento de ningunha queixa na zona que se sinala no rogo. De todas as maneiras, prégalle ao Partido Popular se lle pode dar información máis concreta sobre as queixas destes veciños, en que sitios concretos é, porque realmente teñen descoñecemento disto.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, di que entende que dona Elisa Pestonit Barreiros está a exercer tamén de concelleira de Obras, e dille que ás veces non ten coñecemento dos desastres que hai nesa zona, precisamente coa rede de sumidoiros. Está a dicirle onde están, na zona próxima ao cemiterio de Cambre. A rede de sumidoiros incluso vai por fóra e hai ata problemas de cheiros. Estráñalle que lle diga que non o coñece, cando cre que xa protestaron no concello porque pasaba isto e porque necesita unha reparación. Dille que llo presentará con pelos e sinais e que non se preocupe, que mañá llo entregará.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que non está facendo ás veces de concelleira de Obras e Servizos, está facendo ás veces de suplente do voceiro do goberno e dado que a Concellería de Obras e Servizos é unha delegación do alcalde e o señor alcalde non está presente, ela está intentando dar resposta a todas as preguntas que os grupos lle poidan presentar. En canto ao que lle di don Manuel Rivas Caridad, dille que ten as dúas últimas intervencións que se fixeron na zona referidas á rede de sumidoiros e son intervencións, ten as facturas, do mandato do Sr. Rivas. Dende esas datas, que son febreiro e xuño, non se volveu presentar no concello ningunha queixa sobre ese tema, por iso lle dixo que se ten a ben dicirle ou poñer no seu coñecemento cales sitios puntuais son, ou en que zonas, agradeceríallo.

A continuación solicita a palabra don Manuel Rivas Caridad ao que o señor presidente lle contesta que non lle corresponde. Os rogos son pregunta, resposta, pregunta, resposta e non hai máis. Concedéuselle ao cabaleiro porque entrevistou el e se lle concedeu o beneplácito da dobre intervención.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que soamente era dicirle á voceira do goberno neste caso, que non se preocupe, que lle amosará exactamente o sitio onde está para que isto se repare.

Don Juan González Leirós manifesta que agradece moitísimo esas aclaracións e actuarán ademais con celeridade.

3º O pasado 13 de xaneiro finalizou o prazo establecido na Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015 pola que se aprobou a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado 2014-2020 (EDUSI).

A dita Orde convocaba a todos aqueles concellos de España con poboación superior a 20.000 habitantes (ou agrupacións con menos de 20.000 habitantes que reuniran certos requisitos), a presentar un plan estratéxico de desenvolvemento urbano sostible, susceptible de recibir axudas dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

A propia orden de convocatoria atribúe a Galicia un total de 118 millóns de euros, dos que o Concello de Cambre podería ter recibido ata cinco millóns de euros (5.000.000 €). Millóns que poderían terse destinado a proxectos de investimento e servizos para os cidadáns, baseados en retos económicos, sociais, medioambientais, climáticos e demográficos, fundamentais para acadar os obxectivos de progreso europeos. Así o fixeron xa outras entidades locais repartidas por toda España, algunhas delas limítrofes con Cambre, que si teñen optado aos ditos fondos ante a evidencia das grandes oportunidades de progreso e benestar que ofrecía. Municipios cuxos proxectos van a verse cumpridos grazas á dilixencia dos seus gobernantes á hora de xestionar as solicitudes en tempo e forma.

Todo o contrario do sucedido en Cambre, onde o desgobierno existente dende o pasado mes de maio, agravado aínda máis tras a ruptura do pacto de goberno, ten propiciado que o grupo de goberno municipal desperdiciara a oportunidade de captar un financiamento imprescindible para lograr proxectos necesarios para os seus veciños; veciños que van ter que seguir agardando. Todo o contrario do sucedido nos primeiros meses de goberno municipal popular hai agora catro anos, cando grazas á xestión do goberno popular encabezado por Manuel Rivas, rescatouse para Cambre máis de millón e medio de euros de fondos europeos que ían perderse, cos que se puido financiar a rehabilitación de Vila Concepción como a flamante Casa da Cultura da que podemos desfrutar dende entón; a reordenación do Campo da Feira de Cambre ou a construción do parque infantil no Temple.

É absolutamente inustificable que o goberno municipal de Unión por Cambre, co seu alcalde á cabeza, teña renunciado á percepción dos ditos fondos, ata cinco millóns de euros, por non ter concorrido a esta convocatoria, máxime cando os trámites para contratar o dito plan xa foron iniciados polo anterior goberno municipal, o goberno do Partido Popular.

Á vista da gravidade dos feitos, dende o Grupo Municipal Popular solicitamos do equipo de goberno, explicación en sede plenaria dos motivos polos que se ten desperdiciado a grande oportunidade de financiar proxectos beneficiosos para os nosos veciños en contía de ata cinco millóns de euros, por non concorrer, sequera, á convocatoria máis arriba referida, con depuración das responsabilidades pertinentes por negligencia na súa actuación.

O Sr. presidente manifesta que, por suposto, darán explicacións, non cabe a menor dúbida, para iso están aquí ante a Corporación e ante os veciños. O primeiro, quere facer unha serie de aclaracións, a Casa da Cultura non a xestionou o Partido Popular, xestionouna o equipo anterior. O Partido Popular xestionou a execución, pero non a subvención, iso é así de claro e evidente. O Plan Arume non o xestionou o Partido Popular, diso saben algúns dos que están presentes que non foi así. Ademais quere dicir que xa lle gustaría que o Partido Popular tivera comezado os trámites para contratar o plan. Se o iniciaron, dende logo, non o fixeron oficialmente, porque non hai ningunha documentación. Se o fixeron extraoficialmente, como acostumaban a facer algunhas das cousas, non di todas, non vai ser tan atrevido, quere ser cauto, entón non o trasladaron tampouco, non foi unha gran virtude a transmisión de poderes.

Continúa a dicir que o Partido Popular verá cal é a visión deste asunto e cal é a visión do equipo de goberno. Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifestaba no rogo que algúns dos concellos limítrofes solicitaron subvención. Dille que foi un; e dille máis, se ela sabe, e o sabe, neste medio existe o que se chama o Consorcio. O Consorcio é un conxunto de concellos que están consorciados para certas actividades. Dille que se leu o Plan, que está seguro que o leu, porque ademais ten coñecementos para lelo e saber o que di, verá que nel se di que se



primarán aquelas actividades que se fagan en conxunto en áreas urbanas que sexan proxectos suficientemente grandes e amplos, isto será favorecido.

Explica que o que fixo o equipo de goberno é apostar por un proxecto de consorcio, oito millóns de euros de solicitude, foi o que fixeron. Non o fixeron eles, o fixeron Oleiros, Arteixo, Carral, Abegondo, Bergondo, Sada e Betanzos; incluso apostou por isto, aínda que cun dobre xogo, todo o hai que dicir, Culleredo, porque presentou ao Consorcio e logo quixo presentar os seus propios documentos, cuestión que xa no Consorcio se considerou como un dobre xogo e que non pareceu demasiado ben, porque ou se fai unha cousa ou a outra.

Manifesta que se dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe está a dicir que Arteixo xestiona mal o seu orzamento, o admite; que Carral tamén, que Abegondo tamén e que Oleiros tamén, haberá que dicirlles que xestionan mal. El dille que non, que non foi así. Foi doutra maneira. O grupo de goberno apostou polo Consorcio porque creu que terían máis puntuación e así se verificou; é máis, solicitou o apoio da Coruña; é máis, Cambre foi o primeiro que lle falou ao Consorcio de habilitar un ámbito que lles parece importantísimo, que é o ámbito da ría do Burgo, con tres concellos, e que potencialmente é a zona urbana con máis potencial nestes momentos.

Dixeron que si, apostaron por iso, fixeron o proxecto e cando estaba medio feito por parte do Consorcio, Arteixo e algúns outros concellos o botaron abaixo, con todo o seu dereito, porque eles tamén creron que non era o proxecto específico. Xa están a preparar ese proxecto dende outro punto de vista do Consorcio, que admitiu que ese era o gran proxecto do Consorcio, xunto cunha parte de Arteixo.

Conclúe dicindo que si participaron, que si estiveron niso e tomaron unha decisión, equivocada ou non, como a puido tomar o Partido Popular, pero que estiveron, si.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que parece que tanto o señor González Leirós como o seu goberno, como o propio alcalde de Cambre, teñen unha moi baixa opinión da capacidade de razoamento dos veciños de Cambre e dos grupos da oposición.

Dille que claro que o Consorcio presentou un proxecto conxunto. Se o señor González Leirós coñece cales son as competencias do Consorcio das Mariñas e as competencias que corresponden a cada concello, e se leu a Orde ministerial, verá que o Consorcio das Mariñas ten a obriga de presentar ese proxecto porque ha de cubrir a todos os concellos de menos de 20.000 habitantes que forman parte do Consorcio, non así aos que teñen máis de 20.000 habitantes.

Se coñece a orde que regula a subvención Feder, verá como todos aqueles concellos de máis de 20.000 habitantes optan si ou si a unha subvención de ata cinco millóns de euros, por moito que el queira facer crer outra cousa aos veciños. O Goberno de Cambre, de forma deliberada e con coñecemento de causa, deixou escapar a oportunidade de percibir ata cinco millóns de euros dos fondos Feder. Di con coñecemento de causa e deliberadamente, porque o señor alcalde e o seu Goberno tiñan xa cando chegaron ao goberno unha providencia, ese é documento que di o señor González Leirós que non ten e que non é oficial, está a falar dunha providencia do concelleiro de Réxime Interior, na que instaba a contratar os proxectos necesarios para concorrer a esa subvención e iso o saben. Foron coñecedores dende o día 13 de novembro de 2015 da convocatoria da subvención, porque se lles informou pormenorizadamente nas Xuntas de Goberno semanais, nas que se informa, en concreto a señora secretaria, de todas as subvencións que se publican.

Como di é inxustificable que o Goberno de Cambre se permita xogar coas expectativas dos veciños. O grupo municipal Popular non pensa calar ante a magnitude da gravidade dos feitos. Tan grave é a perda económica que temos que lamentar como a covarde escusa que o señor Leirós e o seu Goberno están a tratar de meter a todos os veciños. Di que o señor González Leirós afirma que Cambre concorre dentro do proxecto do Consorcio porque supón que os veciños e a oposición non coñecen como se produce o reparto de competencias entre o Consorcio e os concellos que o forman, como lle dicía antes.

O equipo de goberno tamén ninguén vai mirar a orde ministerial que convoca a subvención, e que ninguén se decatara de que é evidente que o Consorcio presenta proxecto. Debe presentalo, porque como dicía antes, todos os concellos de menos de 20.000 habitantes non poden concorrer en solitario, senón agrupados; pero si os de máis de 20.000 habitantes, por iso Culleredo e A Coruña cumpriron debidamente coa súa obriga presentándose á convocatoria en solitario.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe continúa dicindo que non soamente é que A Coruña e Culleredo se presentaran á convocatoria, o señor González Leirós manifestou aquí que Carral, Abegondo e outros concellos de 20.000 habitantes non se presentaron en solitario; evidentemente, non coñece a orde, porque non hai posibilidade de que eses concellos se presenten en solitario, si os de máis de 20.000 habitantes e vaille lembrar, ademais, a acta do encontro de traballos dos alcaldes dos concellos da área metropolitana da Coruña, á que el acude, e que demostra a trola que acaba de contar a todos.

Esa reunión e encontro de traballo tivo lugar precisamente o día 7 de xaneiro de 2016 e el si ve con bos ollos a presentación dos proxectos de Culleredo e da Coruña. En concreto o alcalde da Coruña, don Xulio Ferreiro, explicou os contidos do documento resumo executivo da estratexia Edusi Coruña, estratexia Edusi Coruña estratexia Consorcio e Mancomunidade, concellos da área metropolitana ámbitos de cooperación e complementariedade valoración de apoios recíprocos. Foi o que se avaliaba precisamente nese encontro, os apoios recíprocos duns concellos a outros. O alcalde de Culleredo presentou e explicou os contidos da estratexia de desenvolvemento urbano sostible do concello de Culleredo. E o que se acorda plasmar é a formalización dun apoio mutuo que se reflicte na acta desa xuntanza, que ela ten aquí e na que asina precisamente o concelleiro de Urbanismo do Concello de Cambre don Juan González Leirós.

Continúa a dicir que o alcalde da Coruña manifestou que, vistos os contidos da estratexia integrada Edusi do Concello de Culleredo, prestaba o seu apoio á candidatura que presentaba o devandito concello, e manifestou tamén a vontade do Concello da Coruña de apoiar calquera outra candidatura complementaria que sexa maioritariamente formulada polos concellos da área metropolitana e Consorcio das Mariñas. Polo tanto, queda clara a trola que o Goberno covardemente, repite, quere facer meter a todos os veciños de Cambre e, en consecuencia, a indignación que poden sentir agora moitísimos veciños pode ser maiúscula.

Pregúntalle ao Goberno se é así como defende Unión por Cambre os intereses de todos, é dicir, calquera pode entender que é unha pobre escusa que os gobernantes do noso concello puxeron soamente con preguntarse se calquera alcalde aceptaría participar nunha subvención na que se reparten seis con seis millóns de euros entre nove concellos, cando poden presentarse en solitario para recibir cinco millóns. Dille ao señor Leirós que non o entende ninguén, e por iso lle pregunta se é así como defende Unión por Cambre os intereses de todos. Pregúntalle tamén como pretende xustificar unha escusa que se desmonta soamente con preguntarse iso.

Para rematar, a concelleira popular pregunta cal é o papel de Cambre no Consorcio, porque polo que acaban de ver hoxe non parece que sexa ningún, de feito, na acta que citou, o representante de Cambre nin sequera toma a palabra para defender ningún interese particular dos veciños. E pregunta tamén cal é o papel deste Goberno neste concello.

O Sr. presidente dille que aínda que levante a voz non vai ter máis razón, iso sempre é así. Pode levantar a voz, pero iso non lle dá a razón. Pode empregar palabras como trola, covarde, indignación, pobre escusa, etc., a el non lle parece correcto, ela ten unha maneira de ver as cousas e el ten outra forma de velas, as discuten, as avalían, e vese quen ten razón, e vese quen vai ter razón ao final. Se a Culleredo lle van dar algunha subvención, aínda haberá que velo, iso queda aí en suspenso, xa se verá.

O señor presidente rógalle á concelleira que lle deixe o uso da palabra, e continúa dicindo que insiste en que usar as palabras trola, covarde, indignación, pobre escusa, iso non é un diálogo, non é unha conexión, iso é

comezar a poñer os discursos un pouco fóra de xogo. Non é verdade que o Grupo Popular deixara ningunha aprobación sobre este tema.

O señor presidente interrompe a súa intervención e dille ao señor Manuel Rivas que se non lle deixa falar, terá que chamalo á orde, porque isto está a comezar a saírse de contexto e a presidencia exercea el, gústelles ou non.

A seguir, di que vai recuperar o ton da conversación. Non é verdade que o aprobaran, o que o Partido Popular intentou contratar foi un plan de mobilidade, que nada ten que ver cun plan estratéxico, urbano, nada ten que ver coa subvención da que están a falar aquí, absolutamente nada ten que ver. O Partido Popular contratou outra cousa absolutamente distinta, nada ten que ver con isto. Dilles que está arriba, que poden ver o que hai e xa está.

Volve interromper a súa intervención para dicir que está sendo moi paciente, demasiado paciente, pero que non pasa nada, que van intentar o diálogo, seguir co mesmo ton, e ver se o conseguen.

Di que o Grupo Popular non presentou nada sobre este tipo de cuestións, porque ninguén o sabía, presentaron un tema, quixeron contratar coa Universidade de Vigo, é certo, un plan de mobilidade que nada ten que ver con esta cuestión, nada. O plan de mobilidade é a mínima parte dun plan estratéxico. Nada ten que ver con esta cuestión. Ou están a desvirtuar as palabras, ou non coñecen o que é un plan estratéxico. Di que ben, que van deixalo aí, que ese é outro tipo de discusión.

Continúa a dicir que hai unha cuestión ben clara. Diversos concellos como é Oleiros, que ten capacidade, ou Arteixo, que ten capacidade económica e ten capacidade de presentar proxectos, non o fixeron, por algo será. Cambre estivo ao mesmo nivel que todos os concellos, estivo representado, defendeuse no Consorcio e cre que ten unha valoración alta no Consorcio. Pídelles que pregunten aos seus socios no Consorcio, que pregunten a un goberno que está na súa mesma posición, Arteixo, ou que pregunten a Oleiros se Cambre discutiu alí o mesmo tema.

Explica que Culleredo presentou o seu proxecto, e preguntaron se Cambre o avalaba. Di que por suposto que o avalan, como lle van dicir que non asinan o proxecto a Culleredo, iso sería unha desafección. Pregunta como non lles van asinar o proxecto, outra cuestión é que despois falen con eles, como se fixo, e se lles diga que iso non é correcto, que non o están a facer ben, e que dende Cambre se considera que se están saíndo de nai. En canto á Coruña, presentou o seu proxecto porque ten que presentar o seu proxecto, non entra dentro doutra cualidade.

Pregúntalles por que non o presentou Oleiros, e dille á concelleira do PP se ela se ten preguntado por que Oleiros non presentou o proxecto, cando ten capacidade para facelo. Dille que pola mesma razón pola que non o presentou Cambre, exactamente pola mesma, porque chegaron a un acordo os dous. Presentaron o da ría, e logo o da ría botárono abaixo. Di que se defenderon os intereses de Cambre. Os feito de que Culleredo chegue a conseguir a subvención, insiste, xa se verá.

Neste intre o Sr. presidente diríxese a unha das persoas que está entre o público asistente e dille que se quere falar, que por favor o faga fóra do salón de sesións. Di que non se trata de que el sexa impertinente, senón de levar o pleno.

O Sr. presidente continúa a súa intervención reafirmando que Cambre defendeu a súa posición neste asunto. Di que se o Grupo Popular ten algo que reclamar que o faga por escrito e non ten ningún inconveniente en discutilo, en fálalo e en valoralo. Di que se defendeu, están dentro da Edusi, estarán na segunda parte da Edusi, recibirán subvencións e as recibirán de boa gana. Di que non hai moito máis que dicir respecto disto e que van pasar ao seguinte rogo.



Varios concelleiros presentes solicitan a palabra. O Sr. presidente expón que os concelleiros dos grupos que non interviron poden facelo, pero dille ao Sr. Rivas que o seu grupo non, porque tiveron o rogo, unha contestación, unha nova pregunta e unha resposta. O resto dos grupos non tiveron ningunha contestación e teñen dereito a falar. Trátase dun rogo, o Sr. Rivas sabe o que é un rogo, e o regulamento di que é unha pregunta, unha contestación. O di o regulamento, non o di el. Foi sempre así.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que esta polémica situación está moi ben explicada tanto no texto do rogo do Partido Popular como nas manifestacións que fixo a concelleira dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe.

Expón que o resumo desta situación é o seguinte: por inacción, por desgobierno, e por moi baixa calidade no actual goberno de Cambre, pérdese a posibilidade de acadar ata cinco millóns de euros para investir no concello.

Di que lle parece bastante mal o de xa se verá se lle dan a subvención a Culleredo. Pois claro que si, por suposto, pero a súa obriga é presentarse, e despois, evidentemente, se valorará ou non se valorará, se concederá ou non se concederá. Reitera que a obriga do Goberno de Cambre é presentarse, non valorar se se dará ou non. Os veciños teñen dereito a que se concorra e o Goberno de Cambre ten a obriga de concorrer. Como isto é unha realidade, e como isto é consecuencia do desgobierno actual de Cambre, o que se debería facerse por parte do alcalde, do presidente en funcións, é asumilo e pedir desculpas á cidadanía, dicindo aquilo de síntoo, equivoqueime e non volverá a ocorrer. Pero resulta que se fai todo o contrario, e a ela como veciña iso é o que realmente a ofende.

Di que é algo moi preocupante, e sobre todo moi grave, e susceptible de que a frase coa que pecha o rogo o Partido Popular adquira todo o seu sentido da depuración de responsabilidades por negligencia nas actuacións, porque non pode botarse en saco roto que o alcalde de Cambre sexa o máximo responsable desta tremenda metida de pata e non pase absolutamente nada. E dicía que hai algo que é moito máis grave aínda, que son as mentiras. Teñen que ter en conta unha cousa, mentir pódelles levar a unha solución a curto prazo, pero perder o seu honor, como o están a facer, con notas de prensa falseadas, intervencións nas redes sociais, contando mentiras aos cidadáns, vailles traer consecuencias moi indesexables para o goberno.

As consecuencias para ela están claro cales son, son consecuencias de perda económica. Fala concretamente, do perfil que emprega en facebook o partido Unión por Cambre, que segue sen saber quen o administra, e le literalmente, para amosar que están a mentir: *“o Concello de Cambre concorre a esta convocatoria de subvencións europeas mediante un proxecto conxunto presentado polo ente supramunicipal (que é o que estaba dicindo o señor Leirós agora mesmo) polo que non é certa a afirmación de que se vaian a perder ata cinco millóns de euros de fondos europeos. En Xunta de Voceiros informouse deste proxecto, ningún grupo da oposición presentou outra proposta diferente”*. Iso é o que se di dende o perfil, entende que rexistrado e legal de Unión por Cambre, e pechan esa intervención dicindo: *“en política, non todo vale”*.

Expón que en Xunta de Voceiros, e agora si que insta ás persoas que estaban nesa Xunta de Voceiros, que eran seis, o señor Rivas, o señor Brais Cubeiro, dona M<sup>a</sup> José García, don Juan Evaristo e ela mesma, a que se mente, lle digan que está a mentir. Nesa Xunta de Voceiros estaba o señor Leirós, non estaba o señor alcalde, e nela do que se informou foi de que non se puidera chegar a un acordo. Despois de toda a explicación, insistiron e seguiron preguntando, e o tema veu a máis, xa non estaba a secretaria nese momento, e aproveita para dicir que ela vai adoptar a partir de agora un costume moi bo que tiña o actual alcalde de Cambre, Óscar García Patiño, que non asistía a ningunha reunión se non estaba a secretaria presente. Ela, ata o de agora o estaba a facer por deferencia, entendía que non ían chegar a pasar estas cousas, pero xa adianta que nunca máis vai asistir a unha reunión na que non estea a secretaria, e na Xunta de Voceiros, no momento en que se levante a secretaria, ela vaise levantar tamén, porque despois pasan estas cousas. Despois quédanse tan tranquilos dicíndolles aos veciños e mentíndolles aos veciños, dicindo que non se están a perder cinco millóns de euros, que se está a concorrer co proxecto do Consorcio.

Insiste en que non ten por costume estar de acordo co Partido Popular, porque residen nas antípodas políticas, xa o ten dito en máis dunha ocasión, pero se en algo lle ten que dar a razón é en que necesariamente hai que depurar responsabilidades, responsabilidades de quen non concorre á axuda, de quen minte aos veciños na nota de prensa publicada e de quen minte aos veciños nas informacións publicadas no perfil de Unión por Cambre en facebook.

O 13 de xaneiro remataba o prazo de presentación do proxecto e, como xa saben, estes proxectos son un mecanismo importantísimo que presta a Unión Europea para fomentar o crecemento das cidades como podería ter sido o caso de Cambre, que moita falta fai.

Falando de Culleredo, Culleredo presentou un proxecto no que pretende, solicita ou proxecta, descontaminar a Cross, potenciar unha rede de puntos de acceso dixital, promover o transporte ecolóxico, mellorar a trama viaria, reducir o impacto das actividades industriais, crear unha rede de corredores fluviais, potenciar áreas naturais, humanizar a N-550, dinamizar o comercio local, e preguntalles se saben por que presentan todo isto, porque fixeron os deberes. E cos cinco millóns que solicitan, máis o millón e medio que pon o concello, estarán a investirse seis millóns e medio de euros no Concello de Culleredo, mentres Cambre está a mirar pola ventá. E por riba de todo iso, dille ao Sr. Leirós que ten que aguantar as súas malas caras, e vaillo dicir, os seus bufidos, e iso a ela parécelle moi mal. E saben por que.

Con todo isto, se se aproba o proxecto do Consorcio, Culleredo beneficiarase da parte que lle corresponde do proxecto Consorcio, e beneficiarase do seu propio proxecto, e esa é a diferenza que lle quere facer ver, e que debería recoñecer ante os veciños, entre o comportamento de Culleredo e o comportamento de Cambre.

Di que en moitas ocasións o problema dos gobernantes, e neste caso o problema que este Goberno está amosando, é o ego. Hai que saber pedir desculpas e hai que saber dicir que efectivamente levan seis meses no goberno, non sabe se ese é o motivo, quere pensar que será ese, que levan seis meses no goberno e que non se enteraron, ou non lles deu tempo, e di que agora si que pide que os voceiros que estaban presentes nesa reunión a corrixan se se equivoca, que o señor Leirós recoñeceu que non dera tempo, achacando, non sabe como definilo exactamente, ao funcionariado....

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López interrompe a súa intervención e dille ao Sr. Leirós que agora esta a falar ela. Don Juan González Leirós dille que el non está falando. A voceira de ACdeC-SON contéstalle que fixo xestos, e se a el iso lle parece mal, a ela tamén.

Continúa a dicir que achacándoo á falta de coordinación, deu unhas excusas un pouco peregrinas, ata que nesa reunión recoñeceu que non dera tempo, e di máis, o señor Leirós acaba de dicir que decidiron no Consorcio apoiar un ou apoiar outro proxecto, cando podían presentar os dous, por que dixo nesa mesma Xunta de Voceiros que na segunda convocatoria en abril si que se presentaría proxecto. Se tan bo é o primeiro, se tan boa foi a decisión, se efectivamente non era necesario e se entende que os intereses dos veciños de Cambre están representados nesa convocatoria, entón preguntalle por que motivo se van presentar á segunda, porque hai segunda convocatoria en abril, se non se equivoca, e o Sr. Leirós dixo que si, que se ía empezar a traballar xa.

O señor presidente dille á señora concelleira que debe ir rematando a súa intervención.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López preguntalle canto tempo leva, e dille que soamente lle mide o tempo a ela. Continúa dicindo que se van empezar a traballar xa para a convocatoria do mes de abril, entón, con base niso, confirma que lles están a mentir. O Sr. Leiros dixo que está sendo moi paciente, e ela dille que pacientes están sendo eles. Os veciños son os que están sendo pacientes, que non teñen goberno, non teñen concelleiros, non teñen alcalde, non teñen orzamentos, non están concorrendo ás subvencións, e os que están sendo moi pacientes con esa situación son os veciños.

O Sr. Leirós díxolles que se preguntasen por que Oleiros non o presentou, polo mesmo que Cambre. Ela dille que non señor, que lle explique aos veciños porque non o presentou Cambre, ela segue a preguntarllo, porque non dixo o por que. Conclúe pedíndolle que o confese.

O Sr. presidente manifesta que quen ten que decidir se hai goberno ou non, non é a señora concelleira, senón que son os veciños, eles son os que teñen que dicir se hai desgoverno ou non. El cre que é así, a señora concelleira representa unha parte, pero non é o goberno, non é a cualidade e a cantidade dos veciños.

Segunda cuestión, vaille facer o relato porque lle parece que cando se fala, un fala e outro ten que entender.

Vaille explicar todo claramente, porque ademais non soamente é iso, senón que chegan ás súas propias conclusións, e ademais o que fan é dicir dos outros o que son. Di que van aclaralo. A cuestión foi a seguinte: Eles ían empezar a facer o proxecto con tempo moi, moi curto e moi breve para presentalo, porque saíu moi rapidamente e ningún concello case tivo tempo para facer os proxectos. Por iso non se presentou. Nese momento, cando tiñan que decidir se contratar un proxecto a todo présa cun equipo redactor que aínda non se sabía quen podía ser, apareceu o Consorcio, por medio do seu presidente, e díxolles que querían contratar ao equipo que estaba a facer o proxecto na Coruña e que, polo tanto, coñecía o ámbito territorial de toda a zona, para facer un proxecto conxunto do Consorcio.

Eses señores viñeron, concretamente xunto a el, e preguntáronlle se tiña algunha idea de que proxectos se podían presentar. Evidentemente el, defendendo os intereses de Cambre, dixo que o primeiro proxecto que se podía presentar, dadas as estipulacións dese plan estratéxico, era a ría do Burgo, porque é a posición máis interesante que teñen e ademais conectada con Coruña, o que pode ser un gran aval. Iso levoulles a formular a ría do Burgo como criterio, e despois estendelo a un parque metropolitano que lles daría máis avance noutras extensións de proxecto, que era considerar un parque metropolitano que abarcaría dende a ría do Burgo á presa de Cecebre, co que Cambre se atopaba no centro de todo o proxecto. Podía ser interesante desenvolver despois os proxectos, porque non deben esquecer que están a falar dun plan estratéxico, non dun proxecto, os proxectos virán despois, os proxectos concretos faranse despois, agora mesmo están falando exclusivamente dun plan estratéxico.

Di que presentaron iso, o equipo redactor foi xunto ao presidente do Consorcio e presentoulle o tema e a este pareceulle moi boa idea, ou iso é o que lles comunicaron. El quedou un pouco en espera, a ver que pasaba, chamaron do Consorcio e dixeron que si, que se aceptaba o proxecto, porque din que se falara con todos os alcaldes. El non o verificou, é certo, se se falou. Cre que lle comunican.

Continúa explicando que de alí a un mes, cre que foi, ou algo así, cando xa se empezou a falar do tema do proxecto, comezaron a mirar distintas alternativas, incluso, proxectos dun camiño dos Templarios, da igrexa do Burgo, coa igrexa Templarios de Cambre, comezaron a desenvolver proxectos de sistemas urbanos, de enerxías alternativas, presentouse no Consorcio e, sobre todo foron Arteixo e Sada os que dixeron que como eles non tiñan participación na ría do Burgo, non o querían facer.

O que lle propuxo ao Consorcio é que non se preocupara polos cartos da intervención, que Oleiros pagaría a súa parte e Culleredo a súa, non do proxecto, senón a parte da intervención concreta, porque lembra que teñen que poñer o vinte por cento da totalidade da subvención e daríanlles o oitenta por cento do proxecto enteiro. Eles poñerían a súa parte e faríase un proxecto conxunto, porque iso tería máis forza cando se levara a un proxecto ou plan deste tipo na Comunidade Económica Europea.

Di que houbo unha negativa. Reitéralle ao Sr. Rivas que si, que houbo unha negativa a que se fixera ese proxecto por parte de Arteixo, porque dixeron que eles non ían ter ningunha subvención e aí quedou o proxecto. Entón, o que se fixo por parte do Consorcio foi buscar outro proxecto, que é o proxecto que está agora

presentado neste programa. Visto isto, di que, evidentemente, quedáronse fóra de xogo. Quedou fóra de xogo Oleiros que tamén ía presentar tres proxectos e ao final decidiu que non, porque lle parecía máis interesante este. Culleredo non, porque xa tiña o seu proxecto e ía polo seu lado e xa o tiña feito practicamente nese momento, e quedou fóra de xogo Cambre. Buscou unha alternativa que foi esta alternativa, que buscou o Consorcio, e Cambre xa comezou a preparar inmediatamente a segunda fase para poder presentarse.

Segue a dicir que A Coruña buscou a correlación. Chámouse á Coruña e preguntáronlle se se podían reunir para manter unha guía común. A Coruña aceptou, entendeu o tema da área metropolitana, e foi cando os convocou A Coruña para ver se en conxunto se podía na segunda fase presentar un verdadeiro proxecto de área metropolitana, porque isto ten moita maior forza, esa foi a reunión que a señora concelleira di que se convocou.

Explica que nesa reunión A Coruña pediu o apoio ao seu proxecto, como é razoable e lóxico, e Culleredo meteuse polo medio e preguntou se o apoiaban, e por suposto, como non se vai apoiar un proxecto dese tipo, aínda que non sexa o seu. Conclúe que esa é a situación, non hai ningunha mentira neste tema. Hai unha falta de tempo, hai unha credibilidade no tema do Consorcio, unha credibilidade en que o proxecto ía para diante e as cousas non resultaron como parecía. Di que aínda así non se perdeu a subvención, porque seguiu co tema do Consorcio, e iso é o que hai.

Se hai que pedir perdón por algunha cousa, o grupo de goberno está aquí disposto a pedir perdón. Que se perden cinco millóns de euros, cre que non, cre que estaban nunha posición na que non se daban os medios, nin tiñan os proxectos, nin tiñan avanzado os plans estratéxicos suficientes para presentarse a este proxecto. No caso de concellos como Oleiros, que teñen un plan xeral aprobado, teñen moi claro cales son as súas zonas verdes, etc., e aínda así non foron capaces de presentalos e non os presentaron. Falouse con eles, tiñan tres proxectos previstos, e non os presentaron ao final.

Conclúe dicindo que esa é a cuestión, non hai ningunha mentira, nin hai ningunha fanfurríña, nin hai ningún engano á poboación, nin ningún tema deste tipo. Esta é a verdadeira historia do que pasou nese momento. Agora están facendo, posicionándose para que non volva a pasar. Se se entende como erro todo o que pasou, e admite que hai xente que pode entendelo como erro, por suposto que si, xa di, se se entende como erro todo o que fixeron, agora estanse a preparar para que non volva a ocorrer, adiantándose ao tema, e comentando; de feito, van ter lugar dúas reunións, unha no Consorcio e outra no Concello da Coruña para comezar a preparar a segunda fase e estar preparados. Esa foi a cuestión tal e como foi.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta dende o seu grupo primeiramente un sentimento contraditorio cara ao Partido Popular. Por un lado, felicítalo por presentar este asunto ao pleno e, por outro, dende a total e absoluta cordialidade cre que isto, dalgunha maneira, e para que teña coñecemento tamén a opinión pública, quizais non é a mellor maneira tratalo a través dun rogo, porque ten unha fondura e é un tema dunha importancia fundamental, é dicir, que sobarda con moito o que é unicamente o formato encorsetado dun rogo, e aí, tamén saudar o talante que está a ter o señor alcalde en funcións á hora de desenvolver este debate nas quendas de palabra.

Expón que o seu grupo non ten a cuestión clara, e o di con total e absoluta claridade. O seu grupo a día de hoxe, día 27 de xaneiro, ás nove da noite, non o ten tan absolutamente claro como lle gustaría, é dicir, unha visión total e absolutamente nítida e transparente do que aquí aconteceu. Non telo claro implica que ten moitas dúbidas, é dicir, sobre se realmente aquí se meteu a pata, pero moi fundamente, e se perderon ou se puideron hipoteticamente perder unha serie de centos de miles de euros, ou se é que están, e o di tamén con total e absoluta clareza, ante unha estratexia política, unha especie de erosión por parte da oposición que tamén é de todo punto lóxico. Di que canto máis ve, observa e analiza, sen ser expertos no tema, ve que realmente, e o di con total e absoluta franqueza, a defensa é débil, é dicir, parece, como no chiste de Gila, que alguén matou a alguén, pero non se di exactamente quen morreu, nin quen o matou.

O señor presidente acaba de dar unhas explicacións agora nas que, xa fóra das cuestións técnicas, o que lle chama poderosamente a atención é que se lle dera o praxe, pouco menos como quen avala unha candidatura para presentarse ás eleccións, ao proxecto de Culleredo. É dicir, se Culleredo xoga co resto, se Culleredo vai por libre, se Culleredo dalgunha maneira amarra as súas cartas e actúa dun xeito total e absolutamente individualista e desleal co resto do Consorcio, o seu grupo entende que bromas as xustas. O mesmo Sr. Leirós dixo que primeiro lle asinaron e logo foron botarlle unha bronca, falando coloquialmente. Dille que igual a orde dos factores debiera ser outra. Primeiro, loxicamente, afearlle a conduta e quizais froito dese debate, ou froito do desprezo a ese comportamento, ese outro proxecto non podería ir adiante.

Di que o Sr. Leirós dixo unha cousa que é verdade, dixo moitas que son verdade, por suposto que si, ou iso quere pensar, pero dixo unha fundamental, que isto xa se verá. Claro, como en política, efectivamente isto xa se verá, e agardan que máis cedo que tarde. Pero en tal caso, si cre que non se están dando todas as explicacións que se deberan dar, así o viu, e sobre todo non se deron nos días anteriores. Considera que se debe botar unha man dos diversos organismos cos que conta este organismo, como son comisións informativas, xuntas de voceiros ou, se é o caso, presentalo a outro pleno, para aclarar con puntos e comas e ata o último decimal esta, en certa maneira, situación, relato de feitos que o Sr. Leirós fixo, o que realmente tamén ocorreu, nesa Xunta de Voceiros, e a partir de aí, unha vez que cada un deles poida facer un relato coherente dos feitos, que el a día de hoxe non o pode facer, poderán pedir responsabilidades, por suposto que si, porque para iso están aquí.

Manifesta que el tómasa a licenza, e remata xa, de interpelar ao Sr. Leirós respecto dunha cuestión que dixo aquí no pleno, xa llo dixo unha vez nesta lexislatura e está convencido de que neste caso tamén. Se o Sr. Leirós escoita detidamente as súas palabras, seguro que non as comparte ao cen por cen. Dixo a voceira de ACdC-SOÑ, e el fai súas as palabras dela, non se trata realmente de facer unha lectura demagóxica de que o pobo vai ditaminar ou non se son malos ou bos gobernantes, non, o pobo non. O pobo votou nas eleccións de maio e votou que houbera cinco concelleiros de UxC, votou que houbera seis do PP, votou que houbera dous de ACdC-SOÑ, dous do Bloque, un de Ciudadanos, etc. Di que eles, por si, poden falar por cada un dos seus votos, porque eles non representan a todo Cambre, pero a unha porción pequena, si, e é unha porción que depositou a súa confianza no actual equipo de goberno.

E insiste, esa porción pequena de leximitidade respecto do que se entende que é o pobo de Cambre si que a poden ter, e si que a teñen, e volve pedirlle que expliquen as cousas, que fagan por explicalas debidamente, que asuman tamén as consecuencias do traballo realizado, e que lles dean motivos para poder seguir acreditando neste Goberno. Esa é a postura que teñen dende o BNG.

Don Juan González Leirós expón que respecto deste tema para que dous se entendan, os dous teñen que estar dispostos a escoitarse, se non se está disposto a escoitar é moi difícil entenderse. Ás veces, o que se di, non é o que se quere dicir, ou ás veces entenderse entre dous leva tempo, porque ás veces alguén pensa como pensa, alguén cre que di a verdade e alguén cre que ten a verdade absoluta. Neses termos é moi difícil entenderse, polo tanto, a proposta que fai o voceiro do BNG de imos ver que é isto e se fai falta tres horas, discutir, estudar e ver, pola súa parte sabe o señor concelleiro que el sempre estivo aberto a ese tipo de cuestións. Cre que el e cre que todos os que están aquí presentes sempre estiveron abertos para aclarar esta situación, e para despois presentala a quen é soberano, que é todo o pobo de Cambre. Por suposto non hai problema nese sentido.

Expón que neste medio recoñecemento, ou nesta media traslación de información, pode recoñecer aqueles aspectos que se fixeron mal. Non son deuses, son persoas normais, nun concello normal, polo tanto teñen unha certa mediocridade que asumen e, polo tanto, teñen deficiencias e vanse equivocar. Pero nunca empregaron trolas, que quede ben claro, nunca utilizaron mentiras. Pódense equivocar nas súas decisións, pero repite que nunca mentiron, que quede claro. Cada un pode pensar o que queira, pero nunca utilizaron este tipo de cuestións.

Continúa a dicir que cre que sempre foron abertos a que se lles chamara, a discutir, a avaliar e a ver. Evidentemente, se se lles trata desta maneira, teñen que defenderse. Non hai ningún problema, as cousas foron como foron, teñen un concello pouco preparado para presentarse a este tipo de cuestións, teñen ese concello, gústelles ou non lles guste. Queiran ou non queiran. Culleredo ten unhas normas subsidiarias e ten un plan practicamente acabado e rematado. Cambre non ten un plan empezado. É bastante fácil cun plan empezado e rematado saber esas cuestións polas que preguntaba a voceira de ACdC-SON, se vai por aquí, se vai por alá, porque saen do propio documento, non é máis que extraelas e poñelas noutro documento, darlle unha forma e formalizalas. El esa reflexión non a ten.

O que se presentou por parte do Partido Popular foi un tema de mobilidade, que soamente é unha mínima parte do que se lles solicita, mínima. A mobilidade é ver como se vai de aquí a alí, pero non son as zonas verdes, as posicións estratéxicas, as cualidades da vida, etc., polo tanto, teñen unha deficiencia nese sentido. Era coñecedor diso, non é ignorante nese sentido, e ademais disto sabe un pouquiño, polo tanto, a única solución que lles quedaba era que o Consorcio se metese nese tema e se valorase o punto de conflito que é a ría do Burgo, que é o tema máis interesante que ten Cambre agora, a ría do Burgo e a potenciación do Mero cara á presa de Cecebre.

Dito isto, poden tratar as cuestións que queiran, para avaliar, considerar, falar disto e falar onde se equivocaron todos, onde teñen que resolver os problemas e como teñen que solucionarlos. Di que o Goberno vai seguir avanzando nesa terceira fase, porque os tempos son relativamente pequenos, non queda tempo. E paralelamente teñen que falar con eles, por suposto que si.

Soamente quere aclarar dúas cousas, e pide perdón polo que se estende. Dilles que desgoberno non hai neste concello. Cada un o ve dunha forma, o seu grupo non cre que haxa desgoberno e non se lles transmite así por parte da cidadanía. Hai necesidade de conformar un Goberno axeitado, si, hai necesidade, están niso, e o saben todos; algúns xa non quixeron intervir, outros, como o Partido Popular, interviron, e se lle deron as razóns; outros, están intervindo e eles van avalialo. Di que non vai a levar moito máis tempo, a finais do día 15 ou así ten que estar resolto, inmediatamente, no prazo dunha semana ou non moito máis, pero non hai esa coincidencia de desgoberno, para iso traballan doce horas diarias, non lles importa.

Conclúe dicindo que, atendendo o outro tema e se lles parece ben, toman a súa palabra sobre esta cuestión, o discuten, o presentan a un pleno, se lle explica a todo o mundo o que hai, ven cales son as consecuencias e admiten os seus erros e non hai máis.

A continuación o Sr. presidente concede a palabra a don Manuel Rivas Caridad e rógalle que sexa breve, porque teñen que rematar.

Don Manuel Rivas expón que por alusións, porque se citou ao Partido Popular. Comeza precisamente pola alusión que fai o señor Daniel Carballeda. Dille que esa pregunta dos fondos Feder fíxoa el persoalmente na Xunta de Voceiros. Cambre presentouse aos fondos Feder, e o Sr. Leirós explicou o que acaba de explicar aquí, tratou de explicarlles iso, pero dille ao Sr. Leirós que lle permita que lle diga sobre iso de que o Partido Popular non fixo nada, que non, que o Partido Popular fixo unha providencia para que se iniciara o procedemento para a contratación dunha asesoría que elaborara todos os proxectos para poder presentarse á subvención. Fíxoo ao inicio, porque aínda non estaban convocadas, pero eles xa tiveron coñecemento de que se ían convocar.

Continúa a dicir que aínda non saíu a orde da segunda fase dese plan. E se o Sr. Leirós leu con detención, sabe perfectamente que é independente ir co Consorcio que ir individual. Poden ir co Consorcio, como foi Culleredo, ou poden, ademais, presentar o proxecto individual. O Sr. Leirós falou de que non se presentou Arteixo, e el vaille dicir porque non se presentou. É fácil. Arteixo ten un orzamento de trinta millóns de euros e recada corenta e dous. A Lei de estabilidade orzamentaria non lle permite gastar, pregúntalle para que necesita Arteixo presentarse a un plan deste tipo.

O señor presidente solicítalle que remate a súa intervención.

Don Manuel Rivas Caridad expón que xa remata. Agradece que lles abran esa porta que provocou o voceiro do BNG, pero dille ao Sr. Leirós que esa porta debера abrirse antes. O señor alcalde debía ter convocado a todos os voceiros, dada a importancia que tiña isto, porque a perda é exactamente de cinco millóns de euros. Posibles, si, pero é como quen xoga á lotería, para que che toque, tes que xogar, é así de claro. Se o Sr. Leirós lle di, desculpe este concello non está preparado para pedir cinco millóns de euros, pois dille que fagan o posible, que cando saíu a orde tiñan que ter convocado aos voceiros a unha reunión, falar do asunto e velo.

Di que o presidente do Consorcio é compañeiro seu do partido. El estivo sentado hoxe con el, man a man máis de dúas horas, e sabe o que pasou con este tema no Consorcio.

Don Juan González Leirós dille que queda a porta aberta. O Sr. Rivas pode estar co presidente do Consorcio e pode ser o seu amigo, pero eles estiveron na reunión do Consorcio e falaron con el, estiveron na reunión da Coruña e falaron con el, así que eles tamén saben...

Don Juan González Leirós interrompe a súa intervención e manifesta que ten que sacar unha sonrisa, porque dá a sensación de que hoxe queren boicotealo. De verdade lles di que se non vai ter que poñerse serio e non quere. Quere levar o tema con cordialidade.

Asegúralle ao Sr. Rivas que defenderon os intereses de Cambre. Para convencelo e para outras cousas, para discutilo, van abrir ese diálogo. Conclúe dicindo que están no punto de rogos e van acabar este tema, van deixalo aquí e van dar explicacións, claro que si, pero que non é como o señor Rivas dixo.

### **Rogos de ACdC-SON presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/571 o día 22 de xaneiro de 2016, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º En anteriores Corporacións, o grupo de EU foi o único que presentou nos distintos órganos colexiados do concello o problema da devolución do IBI, contraída polo Concello da Coruña como resultado das liquidacións do IBI da presa de Cecebre.

Por isto pregamos que nos informen se tras as sentenzas e recursos a favor do pagamento, se percibiu o aboamento e neste caso cal foi a cantidade total liquidada ou pendente de liquidar polo Concello da Coruña.

O señor presidente contesta que si se percibiron os aboamentos. A suma total é de 24.074,21 euros e quedan pendentes 302,42 euros do 5% de non ter pagado a tempo as cantidades que se tiñan formulado. Quere significar que houbo unhas cantidades que non se aboaron dende o ano 2002 ao 2006, porque se deixaron caducar. Non ten a suma.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, di que ela si sabe esas cantidades, non as lembra, pero as ten anotado.

O señor presidente dille que 2.394 euros, 2.180 euros, non ten a suma total agora mesmo, pero xa llas dará.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López expón que os exercicios liquidados entende que foron do 2006 ao 2014.

O señor presidente contesta que do 2007 ao 2015.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López preguntalle se de 2002 a 2006 non se pode reclamar dalgún xeito.

Don Juan González Leirós contesta que, segundo os informes técnicos, non; oxalá, xa o estudaron.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, expón que, aproveitando o rogo de ACdC-SON, co que está total e absolutamente de acordo, nesa crenza polo debido pago do IBI da presa de Cecebre, ten noticias, a través dos diversos medios de comunicación, de contactos continuos entre os equipos municipais do Goberno de Cambre e A Coruña respecto de diversos temas e un dos que lle preocupa moito e do cal apareceron noticias dun xeito bastante tanxencial é, sobre todo, o tema da auga.

Dende o seu grupo quere aproveitar para trasladarlle ao equipo de goberno unha cuestión que formulou tamén ao comezo da lexislatura, e que ve que vai quedando un pouco de lado. Son como esas liñas vermellas que na política estatal os grandes políticos van saltando a gusto do consumidor, e é que, unha vez se conseguiu ou se está a conseguir que o Concello da Coruña, despois de anos e décadas de total e absoluto desleixo respecto de algo tan básico como é o pago do IBI da presa, estea cumprindo coa súa obriga, que non deixa de ser unha obriga, en todo este tema tamén é bastante necesario que o Concello de Cambre pida corrixir unha anomalía histórica como é o feito de que o Concello de Cambre non estea presente no Consello de Administración de Emalcsa.

Conclúe dicindo que obras son amores e non boas razóns, e a partir de aí danse bicos todos e son todos moi grandes amigos e xeniais, pero xa di, aí está a petición do Concello de Cambre, estar como está Carral, poder estar con presenza, cadeira de brazos, voto e beneficios para os veciños de Cambre, é dicir, con presenza no Consello de Emalcsa.

O señor presidente dille que xa se solicitou, non oficialmente, pero pedíronllo ao alcalde da Coruña, quen está moi favorable e moi aberto a comezar a avaliar ese tema. Se evidentemente non evoluciona, haberá que pedilo por escrito, non queda outro remedio, pero pediuse.

A continuación, concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, expón que o asunto do seguinte rogo é coincidente co que presentou o Partido Popular, pero o que pregan non coincide, polo tanto, se llo permiten, vai lelo a seguir.

2º Iniciado un novo período orzamentario, non temos ningún coñecemento sobre o estado de elaboración do proxecto de orzamentos municipais para o ano 2016, tampouco sabemos do prazo en que van ser sometidos a debate polo Pleno.

Por isto pregamos que nos informen sobre as razóns polas que o Goberno non ten informado aos grupos da oposición da marcha e contido do proceso de elaboración do documento e para cando ten previsto sometelos a debate en pleno.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, expón que sinceramente, a concelleira dixo que a petición non é igual á do grupo Popular, pero ela ía contestarlle exactamente igual.

O señor presidente manifesta que lles vai contestar el, vai ampliar a contestación da súa compañeira.

Explica que non se lles presentou porque están precisamente avaliando parte das propostas que fixeron os grupos. Algunhas delas resultáronlles un pouco complicadas, porque eran moi xenéricas, por exemplo o tema das fontes, son tan xenéricas que habería que facer un inventario primeiro, e hai outros temas, non lembra agora, ten a lista, pero tampouco van cansar ao público.



O que fixeron foi dicirlles aos técnicos municipais que fixeran un comparativo coas que tiñan eles e coas anteriores, facer unha avaliación. Dixéronlles que o remataban esta semana, en canto rematen, dende logo que o presentarán aos grupos. Era absurdo un orzamento non pechado nas súas contas, presentalo así, porque non tiña moito sentido. Esa é a razón pola que non se presentou. Quere dicir, non é por facer comparativas, por suposto, que así como Ciudadanos si tiña o orzamento moi claro, porque presentaba unha estratexia e eran operacións moi concretas nas que non había discusión, se aceptaban ou non, no caso de Asemblea había eses temas.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que cre que está a entender mal, que está a dicirlles que o orzamento agora mesmo depende das súas propostas.

O señor presidente dille que non, pero que para presentar un orzamento pechado ten que terse valorado todo.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López indica que di isto por se agora van ser eles os responsables desa situación.

O señor presidente expón que as propostas hai que valoralas, é dicir, saber se teñen equilibrio ou non equilibrio tras valorar as propostas.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López expón que era puntualizar. Estráñalle que lle diga isto, porque hai xa como dous meses, se non se equivoca, pódelle dicir a data exacta se quere, o alcalde a ela persoalmente lle dixo que agás unha das propostas que presentaran, o resto ían asumirse polo Goberno, iso díxollo a ela o alcalde no seu despacho.

Explica que non quixo retirar este rogo porque no seu rogo o Partido Popular instaba a que se adoptaran medidas, mentres que o grupo de ACdC-SON insta a que se lle informe sobre as razóns, é dicir, o rogo non é para nada igual, pero non interviu no rogo do Partido Popular precisamente para intervir neste momento e, sobre todo, despois das declaracións que se veñen facendo.

Expón que o documento dos orzamentos tiña que estar, non presentado, senón xa rematado e aprobado hai un mes. Lembra perfectamente ao actual alcalde, o Sr. García Patiño, no ano 2014 recriminar ao Goberno do Partido Popular que presentara os orzamentos literalmente dicía “tarde, mal e arrastro” e agora están a finais de febreiro e nin sequera teñen o borrador nin se convocou a Comisión de Facenda. Nese sentido ten que tirarlle das orellas ao concelleiro de Facenda invisible, para que se poña as pilas.

Dende ACdC efectivamente si que foron seguindo todos os prazos marcados polo Goberno. Pedironlles que enviaran esas propostas de partidas para a súa inclusión nos orzamentos e así o fixeron, entregaron o documento hai case tres meses e aí quedou todo. Actualmente, tamén xa apuntaba antes, non teñen concelleiro de Facenda, e se o teñen ela non o coñece. Dixo antes o Sr. Leirós que se estaba a encargar o señor alcalde e, entón, ela non sabe se propoñer a esta Corporación que se lle faga un monumento ao alcalde, que con media dedicación estase a encargar da Alcaldía, da Concellería de Muller, Igualdade e Voluntariado, Terceira Idade e Facenda. Se se lle ocorre nalgún momento traballar a dedicación completa, el só pode levar todas as concellerías. É unha regra matemática, se a media dedicación leva tres, con dedicación completa levaría seis.

Dicía o Sr. Leirós que non hai desgoverno; ela dille que si, que si hai desgovern, se poña el como se poña. Na propia páxina web do concello se demostra co documento que eles mesmos publicaron, cando soamente se están encargando determinadas concellerías nominativamente, e o documento dilles que o publicou o equipo de goberno, non o publicou ela.

Continúa a dicir que esta falta de goberno, este desgoverno, insiste na palabra, é o que está levando aos veciños de Cambre a atoparse nunha situación de desamparo político, que non ten máis trazas de que se solucione que as que dependan, e o di con total claridade, do que poida estar solucionando a executiva do Partido Socialista.

Cando dende a Asemblea Cidadá de Cambre votaron a investidura do actual alcalde, fixérono porque lle presentaban, ou así o entenderon, un proxecto suficientemente sólido como para que este concello funcionara, para que este goberno funcionara e, a día de hoxe, a situación na que se atopa orixina que non teñan orzamentos, que se perdan subvencións millonarias, que teñan as áreas infradimensionadas.

Pódelle chegar a recoñecer que Alcaldía seguramente estea funcionando ben, que Deportes coa señora Pestonit e Cultura co señor Boga, tamén, que Urbanismo seguramente o estea levando ben o Sr. Leirós, aínda que dubida moito que Promoción Económica teña á súa fronte á persoa axeitada, pero, sen entrar nesa discusión, pregunta quen leva Facenda a día de hoxe, quen leva Obras e Servizos, quen leva Servizos Sociais, quen leva Educación, quen leva Recursos Humanos. Di que ninguén. Iso é desgobierno.

Simplemente para rematar, di que lle chamou moito a atención un comentario que fixo o alcalde no seu facebook persoal. Estes días anda moi metida nas redes sociais. Decía o Sr. alcalde, falando de Rajoy, que era un presidente facéndose o morto, esperando a que se maten os demais para ser o único candidato, e outros intentando colocarse a cobadazos no centro da foto, e que, mentres tanto, os cidadáns se preguntan a quen votaron. Iso dicía o señor García Patiño nunha entrada no seu facebook. Di que os cidadáns de Cambre non se estarán preguntando a quen votaron eles. Porque dicía o Sr. Leirós antes, que a eles os votaron un vinte por cento, pero un oitenta por cento dos veciños de Cambre que votaron, non os votaron a eles. De cada dez veciños de Cambre, están desprezando a oito dos que votaron, a todos os que non os votaron, e a ela parécelle que os que se están facendo os mortos son eles, están amosándoo cos temas que se están presentando hoxe neste pleno e está a dicilo nun ton absolutamente conciliador, non están a facer ben as cousas. Tiñan que estar aquí os orzamentos, tiñan que estar aquí presentadas moitas iniciativas, están a ver os últimos plenos baleiros absolutamente de contido. Conclúe dicindo que todo é consecuencia da súa mala xestión e do seu desgobierno.

Don Juan González Leirós di que evidentemente é a opinión da señora concelleira, e unha opinión é discutible sempre. Se a señora concelleira coñecera a administración por dentro, sabería, imaxina que o señor Rivas a coñece, que chegado finais de decembro aproximadamente, diría principios de decembro, comézanse a coller todos os asuntos propios que están previstos e todas as vacacións de case todas as unidades. Este sistema de funcionamento da administración, que é un mal sistema de funcionamento que hai que acoutar, vén unido a que hai xente que non colle as vacacións no verán e tamén as funde coas vacacións, e ademais vén unido a que este ano o Goberno Central, por intereses que non van discutir aquí, porque non lles corresponde, concedeu dous ou tres días máis de asuntos propios. Non di que haxa que dállos, pero iso todo se uniu en que os departamentos estiveron absolutamente coa metade de persoal dende decembro ata case xaneiro, porque esas cuestións xa estaban avaliadas e estaban fixadas con anterioridade.

Continúa a dicir que hai un proceso todos os anos, non se trata do desgobierno deste ano, é todos os anos, verificado, que pasa iso, e iso leva, evidentemente, a que baixe a calidade da produción de ordenanzas, de orzamentos, que ata o de agora cre que se tiveron. Son eses dous meses os que están baleiros de ordenanzas e están baleiros de temas. Ata o de agora si tiveron.

Non vai negar que son cinco concelleiros, iso é certo. Non o pode negar. Evidentemente, con cinco concelleiros, se os oito ou nove que puideramos ser, traballaran igual que ese cinco, poderían facer moitísimas máis cousas. Iso non quere dicir que sendo oito se traballe máis que sendo cinco. Soamente quere dicir que se os oito traballan igual que traballan cinco, sería máis. Non vai entrar nesa polémica. O que quere dicir é que a eles non lles chega esa información da rúa do desgobierno como di a voceira de ACdC-SON.

Hai outra cuestión que quere matizar neste asunto. O feito de que o alcalde cobre media dedicación non significa que teña media dedicación, non o significa, e eles o saben. O alcalde entra con el ás oito menos cuarto da mañá, entran catro concelleiros e o señor alcalde, ás oito menos cuarto da mañá. Dille que pregunte ela se nas

asociacións pola tarde non os van a ver. Dille que se non están nunha están noutra. Se os chaman de Cela, van a Cela. Se os chaman doutro lado, van a outro lado.

Continúa a dicir que a señora concelleira manifesta que hai goberno ou que non hai goberno. Vaile contestar unha cousa. Facenda, Muller, todas estas concellerías que ela está a dicir, están determinadas, están formalizadas nunha resolución, corresponden á Alcaldía. E agora ela pódelle dicir, Alcaldía non pode ser superman, e non pode levar todo iso, pero todos botan unha man, todos. Non levan a concellería, pero botan unha man. A resposta máis inmediata é que a señora de Ciudadanos un día lles informou de que había unha beirarrúa que estaba rota. Ao día seguinte ou aos dous días estaba amañada. Iso non quere dicir que funcionen ben, pero quere dicir que seguen atendendo as demandas. O señor Manuel Rivas chamouno un día e díxolle que había unha luz en Altamira que estaba fundida. Cre que ao día seguinte, máis ou menos, estaba reparada. O concelleiro de ACdC chamouno e díxolle que había unha luz en Cela que estaba fundida. Ao día seguinte, reparada. No que é no ordinario, o concello funciona, incluso ás veces bastante mellor do que funcionaba, que antes en dous días non se solucionaban as cuestións. O concello funciona e pódelle asegurar que o alcalde fai unha media, aínda que cobre media dedicación, polo menos de oito ou nove horas diarias, seguro, sábados e domingos.

Intervén dona M<sup>a</sup> Olga Santos López para dicir que o que está a describir o Sr. Leirós demostra que non consegue entender o que se lle está a dicir. O que describe o Sr. Leirós é o que se coñece como burocracia, e sabe que burocracia é unha palabra que vén do termo francés bureau e bureau é un escritorio.

A voceira de ACdC-SON fai un inciso para dicir que despois o Sr. Leirós quéixase dos xestos que fan os demais, e continúa explicando que bureau significa escritorio, e burocracia quere dicir que sen necesidade de que estivera ningún deles, e sen que estiveran ningún de todos eles, isto funcionaría. E iso o saben todos, se todos os concelleiros se van tres meses de vacacións, o concello seguiría a funcionar, porque a burocracia, porque o aparato, tira, e a administración tira, e os funcionarios traballan e dá fe de que traballan moitísimo.

Manifesta que faltan políticos, faltan gobernos. Para amañar un farol non fai falta que estea o Sr. Leirós, nin o señor alcalde, nin que estea ela aquí sentada. Para que o chamen e lle digan que hai unha fonte que está a verter, non fai falta ningún deles, non fan falta. Está a falar de macropolítica, está a falar de goberno, está a falar de representatividade do pobo na institución e diso é do que están a falar. Evidentemente, claro que se se funde unha lámpada, se vai reparar.

Conclúe dicindo que o Sr. Leirós segue sen contestar quen está a levar as áreas. Di que todos botan unha man, e que o alcalde está aquí oito horas. O que está publicado di que o alcalde de Cambre está a media dedicación e ela non sabe se as oito horas que está no despacho está xogando ao tute, non o sabe, ela sabe o que está publicado, e o que está establecido, e está a media dedicación e leva, agora mesmo, Alcaldía e tres concellerías.

Don Juan González Leirós maniféstalle que está errada e que hai tres resolucións, que se quere llas entrega, repite, tres resolucións onde esas concellerías se adscriben á Alcaldía. Non sabe que quere que lle conteste, quen leva estes temas é Alcaldía. Pregúntalle se queda contestada.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, respecto do rogo que presenta ACdC-SON, moi ben presentado, manifesta que cada vez que o señor Leirós responde, cítalle a el e di iso de "como o señor Rivas sabe". Dille que aquí non se está a falar do señor Rivas. Citouno para dicir que sabía que en decembro os funcionarios collen vacacións e preguntalle que esa que desculpa é. Igual que o que dixo antes a señora concelleira de Deportes, dille que o PP presentou os primeiros orzamentos no ano 2012, os segundos os presentaron na mesma data, o que ocorreu foi que non se aprobaron e houbo unha moción de confianza. No terceiro, foron exactamente igual, pero os presentaron en data, aínda estando os funcionarios, como di o señor Leirós, de vacacións.

El é consciente de que os funcionarios que están aquí traballan ao máximo, e o Sr. Leirós non pode dicir que non hai desgobierno, porque poida atender o do farol. O tema do poste das beirarrúas de Pravio o tivo que solucionar el pola mañá. Solicita ao señor Leirós que manteña o respecto, que el non lle está a faltar.

Don Juan González Leirós pídelle desculpas.

Segue a dicir don Manuel Rivas Caridad que llo dixo catro veces e non fixeron absolutamente nada e xa están a pavimentar a senda peonil co poste de telefónica no medio. Hoxe estivo alí el persoalmente, despois da mesa de contratación, co persoal de telefónica para solucionar o problema. O Sr. Leirós dixo que non hai desgobierno, pero ten razón a concelleira de ACdC-SON, moita razón, porque cinco concelleiros para todas as concellerías é imposible, e o alcalde de baixa. Non lle diga que non hai desgobierno.

3º Na páxina web do Concello, no apartado retribucións, publicaron recentemente, e ante unha iniciativa da ACdC un cuadro indicativo dos salarios que perciben os membros do goberno. O dito cadro ademais nos achega a información precisa sobre cales son as dedicacións ou cometidos de cada un dos concelleiros así como do alcalde.

Concretamente o alcalde, ademais das funcións que viña realizando asumiu as de dúas concellerías máis, tras a ruptura do pacto de goberno.

A día de hoxe o alcalde tamén é o concelleiro de Políticas de Igualdade, Muller e Familia, e ademais tamén é o concelleiro de Políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria. Ten capacidade, por tanto para asumir as funcións da Alcaldía e ademais de dúas concellerías e isto, ademais, dedicándolle media xornada.

Os outros catro concelleiros ocúpanse das áreas que viñan desenvolvendo ata que se rompera co pacto de goberno, tal e como consta no documento.

Todas as áreas que quedaron baleiras a día de hoxe non temos coñecemento de quen se está encargando delas. Sobra dicir que presupoñemos que o seu funcionamento se pode atribuír ao traballo dos técnicos.

Actualmente non existe ningún concelleiro que sexa delegado de área de Economía, Facenda, Obras e Servizos. A parte de Obras e Servizos supoñemos que a leva o Sr. Leirós, que de xeito tácito é quen parece que a asumiu. Pero a parte relativa a Economía e Facenda non ten concelleiro asignado. Isto nos leva a preguntarnos quen é a persoa que está decidindo que partidas se inclúen nos orzamentos atrasados deste ano, ou que tipo de política é a que se prima no reparto dos nosos cartos. Tampouco sabemos quen se está encargando da contratación de todos os servizos que se atopan en precario, tampouco temos concelleiro que formule a tan urxente RPT, ou voluntariado, ou quen se está a reunir coas AMPAS, e así un longuísimos etcétera de asuntos que están "desgovernados" no noso Concello.

Con base no anteriormente exposto, pregamos que nos informen de todas as xestións realizadas durante o transcurso dos meses de novembro e decembro de 2015 e xaneiro de 2016 polo alcalde, nas áreas que (a parte da Alcaldía) ten autoasignadas, que concretamente son:

- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de Benestar e Educación.
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrados na Área de Benestar e Educación.

O señor presidente manifesta que isto llo contestará por escrito, cunha relación de todas as cuestións que levou a alcalde nas áreas que está a levar.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López solicita que se faga chegar a contestación tamén ao resto dos compañeiros.

Don Juan González Leirós contesta que por suposto.

### **Rogos de C's presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/597 o día 23 de xaneiro de 2016.

1.- Dada a escasa información que aínda ao día de onte 22 de xaneiro se amosa na web do concello referente ao "XXXII Certame de Pintura do Concello de Cambre" rogamos que se faga chegar aos membros desta Corporación copia da acta da decisión do xurado.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares, contesta que por suposto, agora mesmo lles entregará copia da citada acta do xurado. Tamén di que se len as bases do certame de pintura, figura que non hai obriga de publicar as actas, pero houbo un erro na páxina web ao introducir os datos, e iso impediu que se publicaran coa dilixencia esperada. Ese erro xa se rectificou.

Dona M<sup>a</sup> José Garcia Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que este rogo está relacionado coas preguntas que formulará cando sexa a súa quenda e entón verán esa cuestión.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo considera a idoneidade de intervir neste rogo, en primeiro lugar, hoxe é un día estraño nos afectos, para saudar a iniciativa da concelleira de Ciudadanos por presentar este tema ao pleno. Volve dicir un pouco o que dicía co tema do Partido Popular e os fondos Feder. Quizais non é o mellor formato o que determinou presentalo aquí. O seu grupo considera, o di ao conxunto do público porque aínda non o sabe, que os rogos e as preguntas que Ciudadanos presenta a este pleno versan todos sobre o certame de pintura.

O BNG xa na lexislatura pasada falou deste tema. Polo que vai vendo, por aquí pasan concelleiros e por así dicilo hai determinados concelleiros que teñen unha neura, un tema recorrente ao longo do seu periplo polo concello, un tema polo que se preocupan de maneira máis ou menos constante. Pode dicir que dende o BNG teñen o tema do certame de pintura do Concello de Cambre entre as súas preocupacións máis fundamentais.

Se se preguntan por que, dilles que porque ve que hai un problema que é moi fácil de solucionar. En Cambre teñen moitos problemas, uns de maior substancia, outros de menos e, xeralmente, por desgraza, moitos difíciles de solucionar, pero ao seu modo de ver o certame de pintura de Cambre é unha idea a día de hoxe, tal como está formulada, é extemporánea. Unha idea que tivo o seu valor, que tivo o seu sentido de ser, de ser como é, no seu momento, hai xa moitos anos, que a realidade a día de hoxe da propia sociedade e en especial do mundo da cultura deixou total e absolutamente depauperado o seu valor, e fóra de contexto a súa vixencia. Necesita unha reforma integral.

Segue a dicir que non ten ningún sentido. A día de hoxe o certame de pintura de Cambre non achega absolutamente nada nin a Cambre nin ao mundo da cultura. Isto, con outras palabras e con outros matices, recoñeceuno o equipo de goberno anterior, do Partido Popular, e el aplaudiuno, incluso se comprometera en pleno a modificar as bases, a darlle outro aire, a sentarse e pensar. Non se puido facer, por mil motivos. Non llo bota en cara, nin moito menos. Nunha lexislatura pódense facer unhas cousas si e outras non.

Di que o seu grupo quere trasladar hoxe que ogallá a remodelación que ten que ter este concurso, este certame, sexa coa participación, non xa de todos os políticos, senón dos axentes culturais implicados no tema, e que sexa a maior posible e á maior brevidade, porque tamén ten que dicilo dunha maneira clara, as bases deste concurso



arrancan en outubro de 2015, quere dicir, houbo xa un tempo prudencial onde determinadas cousas quizais se podían ter cambiado e non se fixeron. Agarda que para o vindeiro ano se fagan.

Expón que se reserva a quenda de palabra para outro dos rogos, non di que non, remata e non volve a intervir nos rogos, aínda que estaría no seu dereito, pero non o vai facer.

Continúa dicindo que hai unha cuestión que presenta a señora concelleira de Ciudadanos como unha pregunta, que tamén lle ten que dicir publicamente que ao seu grupo non lle gusta, porque estase a dubidar neste caso indirectamente da valía dun autor, dun autor recoñecido, dunha persoa moi importante, aínda que non o fora, pero o é, e entra dentro do mecanismo perverso deste concurso, onde se loxicamente tiveras que dar o teu nome, o xurado tería a potestade de saber cal é o teu cadro, co cal perderíase o anonimato, co que se cae nun concurso dunha institución pública onde o que vas é a premiar, ou podes caer, o pode darse o caso, de que teñas a tentativa de premiar os nomes. Iso que o faga o señor Lara, en paz descanse, co premio Planeta está moi ben, é dicir, non premia tanto a obra literaria senón a quen fai o libro. El considera que unha institución pública non o debe facer.

A partir de aí, dicía o señor Rivas que onte estivo co presidente do Consorcio, e el onte estivo con Xurxo Lobato casualmente, e un pouco son destas cousas que se pode pretender ou ter certa lóxica. Incorporar un nome, relativamente famoso, relativamente acreditado ao patrimonio de ganadores, de premiados do concurso. Pódeo entender, pero todo iso hai que falalo con moita calma, ten moitísimo que falar e agarda que dende o Goberno teñan esa intencionalidade e que se poida falar de todo.

Remata xa e di que a pailanada que se fai neste concello de dedicarlle unha rúa ao gañador dun concurso de pintura. Iso é de xénero parvo, é dicir, algo que é o nunca visto nun concello do estado español. Hai moitas cousas que formularse e saudan a iniciativa.

Dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo expón que como veciña de Cambre e en representación de veciños que tamén lle preguntan, presenta ao pleno os temas que considera importantes. Para o seu grupo o certame de pintura e as confusións que se crearon, pensa que é importante tratalas.

Respecto da pregunta que lle facía o señor Carballada case prefire contestarlla despois, e dicirlle por que o presentaron así, por que tiñan que facer primeiro os rogos e logo as preguntas.

O señor presidente roga que isto se faga noutro foro.

Dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo continúa a dicir que precisamente na quenda das preguntas exporá por que ten estas dúbidas e por que presentaron este tema ao pleno.

Don Ramón Boga Moscoso expón respecto das manifestacións feitas polo señor Carballada, que o seu grupo ten un plan, é dicir, ten un plan cambiarán de arriba abaixo o certame de pintura, obviamente.

Pregúntalle ao Sr. Rivas se é unha mofa, e dille que se lle conta o chiste, el tamén se rí con el. Reitera que van cambiar de arriba a abaixo o certame de pintura, e no momento pertinente, dáránlle as claves do que pretenden facer.

2º Rogamos que se faga chegar aos membros desta Corporación, o expediente de contratación da confección do catálogo da exposición correspondente ao "XXXII Certame de Pintura do Concello de Cambre".

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares, manifesta que non existe ningún expediente de contratación para a confección do catálogo. Existe un expediente de contratación do



certame. A impresión do catálogo é por conta da Deputación provincial e a maquetación faina a empresa que xestiona o certame.

Dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo pregunta se non se pode facilitar copia aos membros da Corporación que o desexen desa empresa.

Don Ramón Boga Moscoso solicita se pode repetir o que dixo.

Dona M<sup>a</sup> José García Higoalvo volve a ler o rogo, e di que o Sr. Boga Moscoso acaba de falar da Deputación e dunha empresa.

Don Ramón Boga Moscoso manifesta que non existe absolutamente ningún expediente de contratación da confección do catálogo. Existe expediente de contratación da empresa. A empresa encárgase de levar a cabo todo o desenvolvemento do certame. Entre os cometidos que ten está a elaboración do catálogo, é dicir, a empresa fai a maquetación, e esa maquetación envíase á Deputación, que é quen a imprime. O que lle pode presentar é o expediente de contratación da empresa.

Dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo dille que é o que lle está a pedir.

O señor presidente manifesta que lle facilitará o expediente da empresa.

### **Preguntas de Partido Popular presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/602 o día 23 de xaneiro de 2016.

1<sup>a</sup> O pasado mes de xullo, diversos medios de comunicación publicaron que o alcalde de Cambre, Óscar García Patiño, mantivera unha reunión co alcalde de Culleredo, Julio Sacristán, e con responsables de Augas de Galicia, co fin de conseguir un acordo sobre a limpeza da senda fluvial do río Mero e sobre tres zonas de espallamento que se pretendían crear nas beiras do citado río. Segundo o señor García Patiño, o obxectivo pretendido era que se levaran a cabo, polo menos, tres limpeza ao ano para os dous concellos que limitan co río e que Augas de Galicia asumira o custo destas rozas periódicas, establecendo os citados obxectivos e expectativas nun convenio de colaboración para que o río Mero, un dos principais atractivos medioambientais e turísticos do municipio, permanecera limpo durante todo o ano.

Na proposta de convenio referida polo alcalde de Cambre pretendíase introducir igualmente a creación de varias zonas de baño e espallamento, coa finalidade de que se asearan con periodicidade e se convertiran nun atractivo máis do río. En manifestacións publicadas ao respecto, o alcalde de Cambre Óscar García Patiño chegou a manifestar que *“houbo unha boa sintonía na reunión”* ou *“estamos convencidos de que estas negociacións chegarán pronto a bo porto”*.

Seis meses despois de realizar as citadas declaracións, tras o desbordamento do río Mero ao seu paso polas parroquias de Cambre e Cela, os lectores de tan triunfalistas declaracións do entón acabado de estrear alcalde de Cambre, lían atónitos como o mesmo señor alcalde pedía explicacións ao organismo autónomo Augas de Galicia ao entender que as inundacións se produciron principalmente pola falta de limpeza e mantemento do río; xa que este estaba cheo de troncos, ramas, malezas e outros residuos sólidos; destacando que solicitou varias reunións con este organismo da Xunta, sen que se molestaran sequera en contestarlle.

Ante a contrariedade das declaracións efectuadas e sendo conscientes de que neste asunto chove sobre mollado, o grupo municipal Popular no Concello de Cambre, pregunta ao equipo de goberno cales son realmente, sen demagogias nin triunfalismos, as negociacións e as xestións levadas a cabo respecto disto polo alcalde de Cambre ou membros do seu grupo de goberno co organismo autónomo Augas de Galicia.

O señor presidente contesta que o día 22 de outubro de 2015 mantiveron unha primeira reunión co director xeral de Augas, naquel momento don Gonzalo Mosquera. O día 30 de novembro de 2015 lembráronlle a través de correo electrónico que na citada reunión se acordara o envío por parte de Augas de Galicia dun borrador de convenio para manter a contorna do río Mero. Seguen á espera.

O día 16 de decembro de 2015 volveron a lembrarllo, de novo a través de correo electrónico, que agardaban o convenio e achegaron a ese correo fotografías da maleza da contorna do río que invade a senda peonil. Así mesmo, avisaron da súa preocupación pola proliferación de herbas da pampa, os comunmente denominados "plumachos". O día 11 de xaneiro do ano que andamos, solicitaron unha reunión urxente en relación coa crecida do río Mero, ao seu paso polo termo municipal. O día 13 de xaneiro de 2016 reiteraron a solicitude da reunión polas inundacións e achegaron fotografías de árbores no río, en perigo de caída sobre vivendas, e solicitaron que lles informaran de cando se ían realizar os traballos. O día 22 de xaneiro recibíuse unha chamada telefónica do novo director de Augas de Galicia don Roberto Rodríguez, citándolles para unha reunión o vindeiro día 3 de febreiro de 2016, ás 12.30 horas. Di que cando teña lugar a reunión, informaralles respecto dela.

2ª A presenza dun representante municipal nos consellos escolares dos centros sostidos con fondos públicos é clave para o fomento efectivo da participación social na toma de decisións, na súa xestión e no seu control. Coa súa presenza preténdese achegar una visión o máis próxima posible da situación que se vive no lugar, cidade ou pobo concreto no que se sitúa o centro. En sociedades democráticas como a nosa é vital a visualización das institucións así como un modo de responsabilizarse ante os cidadáns do compromiso contraído en representación do municipio no que están situados. No caso dos municipios, a súa presenza nos consellos escolares prodúcese a través de concelleiros ou representantes designados, creando así a posibilidade de sentir a proximidade das demandas da comunidade educativa e de intentar darlles cumprida resposta no seu día a día.

Fundamentado o papel que xogan os representantes do concello nos consellos escolares, dende o grupo municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno, quen son, tras a ruptura do pacto de goberno, os representantes do noso concello nos consellos escolares dos centros sostidos con fondos públicos, existentes no noso municipio.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares, manifesta que, como ben xabe a señora concelleira dona Mª Jesús González Roel, o representante municipal para os consellos escolares é actualmente o señor alcalde. Na situación actual o representante do goberno municipal que está a facer os labores de representación é o concelleiro de Cultura e Tradicións Populares, é dicir, el.

Ata o día de hoxe, lévanse celebrado os consellos escolares dos seguintes centros: IES David Buján, ao que asistiu; CEIP Emilio González López, ao que tamén asistiu; o CEIP do Graxal, asistiu; e as escolas infantís de Pravio e de Cecebre.

Continúa a dicir que en todos os casos o concello estivo debidamente representado e tamén se tomou debida nota, como a señora concelleira incide na súa pregunta, das demandas da comunidade educativa e están en vías de darlles cumprida resposta no seu día a día.

3ª O servizo de limpeza viaria é outro dos servizos que todos os municipios deben asumir de conformidade co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Fronte a esta obriga legal, os veciños de Cambre sufrimos nos últimos días a vergonza de observar en prensa escrita como as beirarrúas do noso municipio eran postas como exemplo de invasión de maleza que dificultaba o paso dos usuarios. A iso engádese que xa no pleno ordinario do mes de agosto, a preguntas do grupo municipal Popular, o entón concelleiro de Obras e Servizos recoñeceu o malestar xustificando nas queixas veciñais pola roza de camiños; o que evidencia a persistencia en problemas de limpeza e roza das nosas vías públicas.



Razón pola que, dende o grupo municipal Popular no Concello de Cambre se pregunte ao equipo de goberno polas medidas que se están levando a cabo para o mantemento e limpeza das beirarrúas nas distintas parroquias do noso municipio.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que supón que isto o dirá polas fotografías de varios concellos publicadas na prensa, de rozas e farois no medio das beirarrúas. Di que é certo, e que son conscientes de que hai tramos de beirarrúas, ben en vías públicas, ben en terreos privados, nos que a maleza efectivamente sae para fóra. É certo que hai cousas que hai que mellorar e estase a facer, como sempre se fixo no concello, se é vía pública, estase rozando, e se é privada, séguese a tramitación correspondente como se seguía antes de estar este goberno aquí e se fixo sempre.

Por outra banda, manifesta que igual que fixo antes, rógalles que se detectan algún punto que quizais a eles se lles pase, o comuniquen, para darlle solución de inmediato.

### **Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/571, o día 22 de xaneiro de 2016, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Veciños do lugar de Peirairo están a trasladarnos as súas inquiredanzas sobre o estado lamentable no que se está a deixar a pavimentación nas inmediacións do vial que están reasfaltando. Este problema comprende dende arquetas de sumidoiros rotas, ata os desperfectos ocasionados no propio asfalto.

Co fin de dar resposta as demandas dos veciños e veciañs preguntamos:

Que medidas pensa tomar o Goberno para dar solución a estes problemas?

O señor presidente contesta que cre que estes feitos se produciron non sabe se o día 15 ou 16 deste mes. O día 16 recibe a chamada pola mañá dun veciño. O señor alcalde acode pola tarde, dúas horas máis tarde acode o enxeñeiro municipal á zona, a ver o que pasaba alí. O domingo pola mañá visita el mesmo a zona. O luns pola mañá advertida a empresa, pediu desculpas, reparouse o tema, solucionouse o problema dos ruidos na rúa por poñer as pranchas no chan que batían. A conclusión que ten é que se actuou con dilixencia, estas cousas ocorren, e que se adoptaron as medidas para que non volva a suceder. Insiste, e pide por favor, que cando haxa algún tema así, o comuniquen, porque neste caso pasaron dúas semanas, e se estiveran agardando polas súas notificacións, terían chegado tarde, menos mal que o veciño chamou e puideron actuar con celeridade.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que así o farán.

2ª Varias persoas denunciaron ante o noso grupo o estado do paso de peóns preto da rúa Cruceiro nas inmediacións de Abanca, que presenta irregularidades no acceso á beirarrúa provocando que se forme un charco de auga en tempos de choiva e impedindo a correcta accesibilidade.

Poden informarnos sobre as medidas que se tomarán para corrixir esta situación?

O señor presidente di que entende que ese charco é cando van cara ao edificio da lotería. Di que estivo a investigar polo lateral de Abanca, e daráselle unha solución o luns probablemente. Haberá que estudar cal é esa solución, se é cortar e desviar a auga, porque hai unha poza, efectivamente.

3ª Veciños do lugar e usuarios teñen denunciado ante o noso grupo a carencia de iluminación pública na ponte vella da ría do Burgo, polo risco e perigo que supón para as persoas que diariamente circulan polo lugar.

Por isto o noso grupo prega se leven a cabo cantas xestións sexan precisas ante as administracións responsables, para dotar de iluminación o mencionado lugar.

O señor presidente manifesta que non hai dúbida de que aquí non hai nada que dicir. Culpables, é dicir, este tema leva moitísimo tempo sen funcionar, tamén é verdade que cada vez que se colocan uns farois, rouban os cables ao día seguinte, rompen a lámpada de abaixo, a do chan, e logo ten unha solución que non é difícil, pero hai que ter moita cautela, porque non se poden poñer uns focos calquera, xa que é unha ponte románica.

Poñéranse en contacto inmediatamente co Concello de Culleredo, para tratar de atopar unha solución común, e ver que tipo de lámpadas se poden colocar para que non se produzan roturas. Di que se porán inmediatamente con isto, non sabe se o luns, porque ademais saben que houbo varias caídas, algunha caída dalgunha señora. El pasou por alí o outro día e a verdade é que de noite hai que solucionaralo, é un problema gordo.

### **Preguntas de C's presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/596 o día 23 de xaneiro de 2016.

1ª En relación co XXXII Certame de Pintura do Concello de Cambre, no que o segundo premio se outorgou á obra "Jalisia is my country, O corpiño", de Xurxo Lobato, preguntamos:

Como unha fotografía pode estar premiada nun concurso de pintura?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares, contesta que a presenza dunha fotografía premiada no Certame de Pintura do Concello de Cambre non é algo novo. É máis, é a quinta vez que unha fotografía recibe este premio. Di que se quere a señora concelleira lle le unha lista pequena. Por exemplo, Mirada número 9 de Isabel Albella, 1999, fotografía, era o segundo premio. El padre la madre, de Victoria Diehl, fotografía dixital 2003. Paisaje rosa 2, impresión dixital en aluminio, primeiro premio, XXI Certame de Pintura Concello de Cambre. Sen título Ludetizt de Tania Sanjurjo Fernández, fotografía impresión lambda, segundo premio do XXII Certame de Pintura Concello de Cambre. Entropía, de Santiago Valverde, segundo premio do XIV Certame de Pintura Concello de Cambre. Serigrafía sobre skai. Augas do mundo, de Ana María Sánchez González, premio extraordinario XXV Certame de Pintura Concello de Cambre colaxe. Recreo número 19, de Vari Caramés, primeiro premio do XXVII Certame de Pintura, fotografía cprint. É dicir, é un certame de pintura, nas bases figura que se aceptará calquera técnica.

Continúa a dicir que hai impresións, gravados, impresións dixitais, colaxes, como é o caso deste ano, o primeiro premio é un colaxe, cunha técnica mixta. Ademais, o xurado non ten máis limitacións que as dimensións máximas e mínimas que figuran nas bases, fóra diso o xurado é soberano para cualificar as obras seleccionadas e as gañadoras segundo as súas cualidades plásticas. É dicir, o equipo de goberno non intervéen absolutamente nos criterios que estableza o xurado na elección das obras.

O señor presidente intervéen para manifestar que cre que se lle debe dar unha volta ao certame de pintura e ver o que se quere facer.

2ª En relación coa pregunta anterior, e dado que na web do concello non aparece a composición do xurado (si un apuntamento sinalando que aparecerá a partir do 11 de novembro, do que achegamos copia), preguntamos:

Quen nomeou o xurado e por que non está a figura do presidente?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares contesta que a figura do presidente é o Sr. alcalde. O presidente do xurado sempre é o alcalde. Neste caso, por delegación,



normalmente actúa como presidente o concelleiro de Cultura, que ten voz e voto, pero que non o exerce, é dicir, el estivo na deliberación do xurado, pero non participou para nada, aínda tendo dereito. Repite que o xurado é soberano.

Continúa a dicir que respecto da elección do xurado, o adxudicatario do certame de pintura fai unha proposta de cinco persoas para xurado. Envía un correo a Cultura, que se comunica á Alcaldía. Unha vez estudado, e se non hai ningún tipo de complicación, que normalmente non a hai, dan o visto e praxe. Non hai ningunha razón para non dar este visto e praxe, é dicir, normalmente a lista do xurado son persoas do mundo académico, artistas de recoñecido prestixio. Nesta edición no xurado eran Menchu Lamas, que é unha das artistas plásticas máis destacadas de Galicia da segunda metade do século XX, cre que non é discutible, foi premio Cultura Galega 2010. Antón Patiño, tamén artista plástico e vicepresidente do Círculo de Belas Artes de Madrid, non sabe que hai que discutir sobre el. Manuel Quintana Martelo, que é artista plástico e presidente da Real Academia Galega de Belas Artes. Di que el non é ningún para discutir a presenza deste señor. Miguel Fernández Cid, exdirector do Centro Galego de Arte Contemporáneo e presidente da Fundación Torrente Ballester e, por último, o único artista sen ningún outro tipo de cargo, Manuel Patiña. Di que, dende logo, o seu grupo non é quen de cuestionar este tipo de xurado.

3ª Cal é a avaliación total dos gastos que supuxo para o Concello de Cambre a celebración do XXXII Certame de Pintura?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares, manifesta que o custo total, IVE incluído, foi de 16.851,55 euros.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente por delegación, levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
P.D. (R.A. nº 89/2016, do 27 de xaneiro)

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Mª Luisa de la Red Ampudia